

XUNTA DE GOBERNO
Sesión do día 05 de decembro de 2025
-----o0o-----

En Pontevedra, na Sala de Xuntas do Pazo Provincial, sendo as dez horas e trinta e cinco minutos do día 5 de decembro do ano dous mil vinte e cinco, baixo a Presidencia de Luis López Diéguez, Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, reuníronse as/os señoras/es deputadas/os, *Rafael Domínguez Artime, Luisa Sánchez Méndez, Juan Pablo Castillo Amigo, Jorge Cubela López, Ricardo Martínez Chantada, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, María Pilar Ramallo Vázquez e Jesús Vázquez Almuíña*, co obxecto de celebrar sesión ordinaria da Xunta de Goberno, con carácter executivo, en primeira convocatoria, consonte á correspondente orde do día.

Da fe do acto Carlos Cuadrado Romy, Secretario Xeral, e está presente o Interventor Accidental, Julio Souto Diz.

Non asiste o deputado *Roberto José Álvarez Carrero*, xustificando a súa ausencia.

Así mesmo, están presentes as deputadas *Belén Cachafeiro Anta e Paula Bouzós Barros* e os deputados *Marcos Guisasola Padín e Javier Tourís Romero*.

Declarada aberta a sesión e de orde da Presidencia éntrase seguidamente no exame da orde do día, adoptándose en relación coa mesma os seguintes acordos:

1.35831.- ACTA ANTERIOR

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade a aprobación do borrador da acta da sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2025.

2.35832.- APROBACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PROGRAMA “LE CER EN FAMILIA”, ANO 2026 (EXPTE. 2025039593).

ANTECEDENTES E CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS:

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, ten entre os seus obxectivos o fomento das políticas sociais a través da modernización e reforzo do conxunto dos servizos sociais, promovendo a innovación e un modelo de atención centrada na persoa.

Nesta liña, a Deputación de Pontevedra quere reforzar o principio básico deste enfoque baseado na familia como estrutura básica da sociedade e como medio natural de desenvolvemento e crecemento da persoa. Por iso é deber dos poderes públicos recoñecer e amparar á familia en todas as súas manifestacións e formas de organización, dándolles un especial apoio e protección.



O programa Lecer en Familia, destinado a familias empadroadas na provincia de Pontevedra, configúrase como un poderoso axente de socialización para desenvolver habilidades sociais e crear tempo de lecer de calidade no que propiciar o benestar e a satisfacción persoal mediante emocións, sentimentos e afectos positivos.

Ademais, este programa configúrase como un dinamizador da economía da provincia que impulsa a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

2º.- Desde o punto de vista competencial, no artigo 2 da Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, defínense os servizos sociais como un conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan lograr os obxectivos marcados nesta lei. No seu artigo 63, relativo ás competencias das deputacións provinciais, establécese que, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, estas proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das súas competencias en materia de servizos sociais.

Ademais, no ámbito provincial, no artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, dispónse que é competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito.

Así mesmo, no artigo 109 d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto lles atribúan as leis e, en calquera caso, entre outras, fomentar e administrar os intereses peculiares da provincia.

3º.- A finalidade do programa é reforzar lazos familiares nun ambiente de convivencia que permite desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para toda a familia, xa que serve como actividades para mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e autoconfianza, ao tempo que fomenta o desenvolvemento da autonomía.

O ámbito temporal de execución do programa será entre o cuarto trimestre do ano 2026 e o primeiro trimestre do 2027.

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra que, como mínimo, sexa de 3 estrelas: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, responsable de executalo, coordinalo e avalialo, e que contará con persoal cualificado.



4º.- Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar, deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal, esixíndose neste caso que ambos domicilios (o do solicitante en situación de separación/divorcio e os outros membros da familia incluídos na solicitude) estean ubicados na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.
- Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.
- Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.
- No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concorra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditaranse mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.

5º.- A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrencia non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.907) coma nas de réxime específico (50), levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos, establecendo unha orde de prelación. O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue, e a Xefa/e do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue, con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.



Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

6º.- Ofértanse 2.957 prazas nos seguintes termos :

- 2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.
- 50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Dita percepción deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación do listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra cos demais requisitos establecidos.

Se non se cubrisen as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo I, que se publicará na páxina web cando se adxudique o contrato de prestación do servizo.

7º. A contía prevista para esta convocatoria é de cento setenta e nove mil cento corenta e tres con cincuenta euros (179.143,50) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

8º.- Con data 14/08/2025 Secretaría Xeral emite informe xurídico de conformidade coa proposta de bases (CSV: N9G0QXDN810YONCH) e con data 22/10/2025 o Servizo de Intervención informe favorablemente o expediente (CSV: 7F5EB30Y5TLB4MBI).

De acordo co exposto, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar as bases reguladoras do Programa “Lecer en familia” para o ano 2026

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Estas bases teñen por obxecto regular o procedemento para a concesión de prazas do programa “Lecer en familia” para o ano 2026.



Segunda. Finalidade do programa

A finalidade do programa é reforzar os lazos familiares nun ambiente de convivencia que permita desconectar do estrés diario e gozar dun ocio de calidade en familia, reactivando emocións positivas para todos os seus membros, a través de actividades destinadas a mellorar a comunicación familiar; fomentando a diversión compartida e a construción de recordos; e desenvolvendo a autoestima e a autoconfianza, ao tempo que favorece o desenvolvemento da autonomía.

Terceira. Orzamento e financiamento

O importe da achega provincial para cofinanciar esta convocatoria ascende á contía máxima de cento setenta e nove mil cento sesenta e dous (179.562,00) euros, con cargo á aplicación 26/231.2311.227.07 do Orzamento provincial.

Cuarta. Persoas beneficiarias

1. Poderán ser beneficiarias todas as persoas integrantes dunha unidade familiar con menores a cargo que teñan a súa residencia na provincia de Pontevedra.

2. Ademais do anterior, os membros da unidade familiar que desexen participar, deberán acreditar o parentesco ata o primeiro grao por consanguinidade e/ou afinidade coa persoa solicitante e estar empadroados no mesmo domicilio. Exceptúase o requisito de empadramento no mesmo domicilio no caso de familias que acrediten unha situación de separación ou divorcio legal, existíndose neste caso que ambos domicilios (o do solicitante en situación de separación/divorcio e os outros membros da familia incluídos na solicitude) estean ubicados na provincia de Pontevedra.

Para os efectos destas bases, enténdese por unidade familiar a formada pola persoa ou persoas adultas, fillas e fillos ou maiores que convivan de xeito permanente ou temporal coa persoa solicitante.

Así mesmo consideraranse como integrantes da unidade familiar os menores en situación de garda con fins adoptivos ou en acollemento familiar pola persoa solicitante.

3. As persoas interesadas deberán reunir, ademais, os seguintes requisitos:

- 1) Non padecer ningunha enfermidade ou patoloxía incompatible coa actividade do programa.*
- 2) Non padecer alteracións de comportamento que poidan perturbar a normal convivencia nos establecementos nin enfermidades con risco de contaxio.*
- 3) Poder realizar as actividades elementais da vida diaria de forma autónoma.*
- 4) No caso de persoas con discapacidade con necesidade de asistencia dunha terceira persoa, será un membro da propia unidade familiar quen prestará os coidados necesarios.*

Non poderán obter a condición de beneficiarias as persoas solicitantes nas que concurra algunha das circunstancias previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia.

O cumprimento dos requisitos previstos neste apartado acreditaranse mediante declaración responsable incorporada ao modelo normalizado de solicitude, sen prexuízo das facultades de comprobación da veracidade dos mesmos.

Quinta. Descrición e desenvolvemento do programa

O programa “Lecer en familia” 2026 contará con 2.957 prazas.

O ámbito temporal de execución do programa será entre o cuarto trimestre do ano 2026 e o primeiro trimestre do 2027.

Este programa caracterízase por ofrecer unha estancia dunha noite en fins de semana (venres ou sábado), períodos non lectivos ou vésperas de festivos nun hotel da provincia de Pontevedra: establecementos hoteleiros de tipo balneario, talaso ou spa, e hoteis de zonas urbanas ou rurais, con réxime de media pensión. A entrada nos establecementos será pola tarde e a saída o día seguinte ao mediodía.



As persoas beneficiarias poderán elixir indistintamente, no momento da solicitude, por orde de preferencia, os tres establecementos que máis lles satisfagan de entre os ofertados (anexo I, que se publicará cando se adxudique o contrato de prestación do servizo), se ben a asignación de prazas estará suxeita á dispoñibilidade e á capacidade dos dormitorios destes. Así mesmo, no formulario de solicitude poderán sinalar dous meses de preferencia para realizar a estancia, que non serán vinculantes e estará suxeito á dispoñibilidade nos establecementos.

Independentemente da obriga de que cada familia formule a súa propia solicitude, aquelas familias que desexen participar nas mesmas datas e no mesmo establecemento hoteleiro deben indicar no apartado “Observacións” da solicitude o nome, os apelidos e o NIF da persoa ou persoas coas que queren coincidir. Estes datos utilizaranse unicamente para xestionar os dormitorios nos establecementos elixidos.

Con carácter xeral, asignaráselles ás persoas participantes un cuarto de acordo co número de membros da unidade familiar; se fose preciso, asignaríanse máis dormitorios sempre que baxa unha persoa adulta en cada un deles. Este aspecto queda condicionado á dispoñibilidade e condicións de ocupación do establecemento elixido. As persoas que demanden expresamente un cuarto individual para algún membro da unidade de convivencia deberán aboar o custo adicional correspondente, que poderá variar segundo o establecemento de destino.

Á hora de confeccionar os menús, teranse en conta as características e necesidades das persoas participantes, que serán as responsables de poñelas en coñecemento do persoal da empresa que xestionará o programa. Así mesmo, quen por prescripción facultativa requira unha dieta específica e así o acredite documentalmente terá á súa disposición un menú especial ou un menú infantil, no seu caso.

Ofrecerase un almorzo tipo bufete e cea con dous pratos e sobremesa, incluídas as bebidas non alcohólicas, así como un menú infantil para menores de 3 a 12 anos (estes incluídos). A cea poderá realizarse nun restaurante próximo ao establecemento no que pase a noite a familia, o que se recollerá xunto cos establecementos ofertados no anexo I.

No modelo de solicitude do programa habilitarase un campo para que as persoas solicitantes que o autoricen indiquen un número de teléfono móbil no que recibir avisos relacionados co programa mediante unha mensaxe de texto.

A Deputación ofertará o programa a través dunha empresa especializada na materia, que será a responsable de executalo, coordinalo e avalialo. Esta empresa disporá de persoal cualificado e dun servizo de atención ao público por vía telefónica para calquera dúbida que puidese xurdir; así mesmo, informará as persoas participantes das normas de conduta e utilización das instalacións e das coberturas do seguro para o programa. A empresa adxudicataria deberá adoptar as medidas sanitarias que no seu caso estean vixentes.

A empresa especializada ofertará dúas de actividades complementarias a realizar en cada un dos establecementos, así coma un concurso de fotografía para as familias participantes, cun premio dunha estancia gratuíta nun dos aloxamentos propostos no programa.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberáselle comunicar ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.



Sexta. Réxime económico

As 2.957 prazas ofertadas estarán repartidas nas seguintes modalidades:

- *2.907 prazas de réxime xeral: a Deputación subvencionará 60 euros do custo total da praza para as persoas maiores de 12 anos e 30 euros para as de 3 a 12 anos (estas incluídas). O prezo das prazas destas e destes menores será o 50 % do prezo da praza de persoa adulta ou maior de 12 anos, mentres que as e os menores de 3 anos irán de balde.*
- *50 prazas de réxime especial: a Deputación subvencionará o 100 % do prezo de adxudicación.*

Poderán optar ás prazas de réxime especial as persoas que cumpran os requisitos establecidos e que sexan beneficiarias da renda de inclusión social de Galicia (RISGA) ou perceptoras do ingreso mínimo vital (IMV). Dita percepción deberá manterse durante todo o procedemento e, en todo caso, con carácter previo á aprobación do listado provisional de persoas admitidas e excluídas.

No caso de que a persoa solicitante de acceso polo réxime especial non o acredite documentalmente ou a consulta automatizada non devolva datos sobre a percepción dalgunha das prestacións indicadas, a solicitude de participación admitirase no réxime xeral, sempre que cumpra cos demais requisitos establecidos.

Se non se cubren as prazas de réxime especial, o crédito retido para estas pasará a incorporarse á concesión de prazas de réxime xeral.

Os prezos dos establecementos ofertados, unha vez descontada a subvención da Deputación, detállanse no anexo I, que se publicará na páxina web cando se adxudique o contrato de prestación do servizo.

Sétima. Requisitos das solicitudes e lugar de presentación

Presentarase unha única solicitude por unidade familiar.

Co fin de posibilitar a tramitación electrónica do procedemento e tratamento automatizado de datos categorizados, as solicitudes presentaranse obrigatoriamente empregando o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>), no que se inclúe a declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social así como a de non estar incurso en causas de prohibición para obtención da condición de beneficiario de subvención previstas nos apartados 2 e 3 da Lei 9/2007, de Subvencións de Galicia.

A presentación da solicitude nun modelo distinto ao modelo normalizado correspondente a este procedemento constituirá causa de inadmisión, sen posibilidade de emenda.

As solicitudes presentaranse preferiblemente por vía electrónica. Para a presentación das solicitudes a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse de forma presencial en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra que, unha vez cuberto, xerará a solicitude en formato PDF, que deberá imprimirse e asinarse obrigatoriamente para a súa presentación presencial.

Oitava. Prazo de presentación de solicitudes

O prazo para a presentación de solicitudes comezará o 1 de abril de 2026 e rematará o 15 de abril de 2026.



Novena. Comprobación de datos

Para a tramitación deste procedemento consultaránse automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos elaborados polas administracións públicas:

- *NIF da persoa solicitante.*
- *Datos de convivencia actual.*
- *Certificado de residencia ou volante de empadramento nalgún concello da provincia de Pontevedra das persoas da unidade familiar.*
- *Certificado de rexistro electrónico de nacemento.*

No caso de persoas solicitantes de prazas de réxime especial:

- *Certificado da percepción da RISGA.*
- *Comprobación das prestacións do Rexistro de Prestacións Sociais Públicas para consultar o IMV.*

O incumprimento dos requisitos esixidos no momento no que se realiza a consulta, determinará a exclusión do procedemento, ou da aplicación do réxime especial cando o incumprimento se refira unicamente á percepción do RISGA/IMV polo solicitante.

Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro correspondente habilitado no formulario de inicio, marcando a opción cun X, e achegar os documentos xustificativos de que reúnen os requisitos da convocatoria. Neste suposto os certificados achegados referiranse ao mes no que se inicia o prazo de presentación de solicitudes ou a o mes no que finaliza.

Excepcionalmente, se algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que os acheguen.

Décima. Documentación

As persoas interesadas deberán achegar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación:

1 Rexistro electrónico individual no caso de non autorizar a consulta ou o libro de familia no caso de menores nados antes do 30 de abril de 2021 . A copia do libro deberá ser íntegra e incluír os datos das persoas que figuran na solicitude.

2 Sentenza de separación ou divorcio, só no caso de que algún dos membros da unidade familiar non resida no mesmo domicilio.

A documentación complementaria presentárase preferiblemente por vía electrónica. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que entreguen. Excepcionalmente, a Deputación de Pontevedra poderá requirir a exhibición do documento orixinal para cotexalo coa copia electrónica achegada.

Os documentos presentados de maneira presencial nas oficinas de asistencia en materia de rexistro da Deputación de Pontevedra dixitalizaranse para incorporalos ao expediente administrativo electrónico, e os orixinais devolveránselles ás persoas interesadas.

Décimo primeira. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

A Sede electrónica conta cunha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos,



entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos.

Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate. No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

Décimo segunda. Relación de solicitudes admitidas

De conformidade co establecido no artigo 45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, unha vez finalizado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a relación provisional de solicitudes admitidas e excluídas, xunto coas causas de exclusión destas últimas na páxina web da Deputación de Pontevedra.

As persoas que presenten máis dunha solicitude de participación (non habendo renunciado a ningunha delas), admitirase aquela que se comprobe que está correctamente presentada. – Noutro caso, considerarase á primeira atendendo ao rexistro de entrada quedando excluídas as demais. Así mesmo, considerarase como suposto de duplicidade, que resolvanse con aplicación das mesmas regras do apartado anterior, aquelas nas que o “solicitante” coincida co “outro/a proxenitor/a” incluído noutra solicitude. As solicitudes presentadas fora de prazo, quedarán directamente excluídas do sorteo.

Unha vez publicada a lista provisional, concederase un prazo de dez (10) días hábiles para emendar os erros da solicitude e achegar a documentación requirida que falte; transcorrido este, publicarase o anuncio da lista definitiva de persoas admitidas e excluídas e a lista definitiva, na páxina web da Deputación de Pontevedra.

Décimo terceira. Procedemento de concesión das prazas e sorteo

A concesión das prazas realizarase polo réxime de concorrència non competitiva.

O órgano instrutor dos expedientes será, de acordo coa competencia para coñecer e resolver as solicitudes, o Servizo de Benestar Social.

O procedemento de concesión, tanto para as prazas de réxime xeral (2.907) coma nas de réxime específico (50), levarase a cabo por sorteo a través de medios informáticos entre aquelas solicitudes definitivamente admitidas que cumpran os requisitos establecidos, establecendo unha orde de prelación. O sorteo será de carácter público, a data, lugar e hora serán publicados na páxina web da Deputación de Pontevedra, incorporándose ao expediente a acta correspondente con identificación das persoas asinantes, entre as que se incluírá necesariamente o Xefe/a do Servizo de Novas Tecnoloxías ou persoa en quen delegue, e a Xefa/e do Servizo de Benestar Social ou persoa en quen delegue, con identificación da metodoloxía e resultado do sorteo.

Realizado o sorteo, a adxudicación corresponderalle á Xunta de Goberno, excepcionalmente, por razóns de urxencia xustificada, poderá concederse mediante resolución do presidente.

O listado de adxudicación, e da lista de agarda, será único. Inicialmente adxudicaránse un máximo de 2.907 prazas de réxime xeral e 50 de réxime especial, garantindo sempre as prazas do réxime especial, e as demais solicitudes quedarán na lista de agarda. A relación de prazas adxudicadas, así coma a lista de agarda serán publicados na páxina web da Deputación de



Pontevedra. As prazas non cubertas polo réxime especial pasarán a incrementar as previstas para o réxime xeral no dobre do número de unidades de prazas non cubertas.

Non está permitido ceder a praza adxudicada a terceiras persoas.

Décimo cuarta. Procedemento de xestión das prazas adxudicadas.

Unha vez adxudicada a praza, o persoal de xestión da empresa adxudicataria poñerase en contacto coas persoas solicitantes co fin de fixar unha data para realizar a estancia, preferentemente nalgunha das indicadas na solicitude.

O persoal da empresa adxudicataria realizará tres chamadas ao/s teléfonos de contacto sinalados. No caso de non poder contactar, enviarase un correo electrónico a dirección de e-mail sinalada, ou unha mensaxe ao teléfono móbil indicado, a través de calquera aplicación de mensaxería, a fin de que a persoa solicitante contacte coa empresa nun prazo máximo de 3 días naturais desde o envío. Transcorrido o prazo anterior, de non ter resposta, entenderase que a persoa solicitante desiste da súa solicitude.

As persoas que desexen renunciar a súa praza deberán facelo por algún medio que permita a súa constancia:

- *Preferentemente por medios electrónicos a través do modelo “2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude”, dispoñible en <https://sede.depo.gal>.*

- *De forma escrita en resposta á empresa adxudicataria cando se poña en contacto con motivo de organizar a estancia. Admitiranse as renuncias a través de correo electrónico, a través da aplicación de comunicación de mensaxería instantánea que a empresa utilice ou calquera outro medio que permita a súa constancia sempre que indique de forma expresa que se trata dunha renuncia e identifique as persoas da unidade familiar ás que afecta.*

A empresa adxudicataria deberá achegar cada mes á Deputación de Pontevedra a través de medios electrónicos a relación das persoas que renunciaron á praza e aquelas coas que non foi posible contactar acompañada da documentación que xustifique que se realizou o procedemento indicado nesta base.

Unha vez comprobado o desestímulo ou a renuncia á praza, as prazas vacantes serán adxudicadas as persoas integrantes da lista de agarda.

Décimo quinta. Obrigas das persoas participantes

Unha vez acordada a data da estancia, a empresa adxudicataria poderá solicitar o aboamento dunha parte do custo da praza, en concepto de reserva, que non superará o 25 % do prezo total. A contía restante deberase pagar no día e na forma que sinala a empresa en función do procedemento establecido. Esta cantidade só poderá reintegrarse no suposto no que exista un motivo debidamente xustificado con carácter previo ao inicio do desfrute da estancia que lle impida á persoa participante asistir.

Serán motivos xustificadas os seguintes:

- *Cancelación da actividade ou imposibilidade de prestación nas datas acordadas por causas non imputables á persoa interesada.*

- *Ingreso hospitalario ou enfermidade médica grave da persoa beneficiaria e/ou membros da unidade familiar par participantes no programa. Esta circunstancia debera xustificarse mediante informe médico e/ou hospitalario.*

- *Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o segundo grado de consanguinidade ou afinidade. Esta circunstancia deberá xustificarse mediante informe médico, hospitalario ou certificado de defunción, segundo proceda.*



Así mesmo, a empresa informará previamente a cada persoa da cantidade que deberá aboar segundo o prezo de adxudicación e unha vez descontada a subvención da Deputación de Pontevedra, así como da forma de pagamento, o cal se realizará no xeito estipulado por acordo coa empresa e no tempo que esta determine antes da data da estadia.

Permitirase calquera medio de pago admitido en dereito, acordado entre ambas as partes, sempre que quede constancia do pago efectivo e dos datos básicos da persoa e do programa.

As persoas con praza adxudicada que renuncién á mesma, deberán facelo constar por escrito para poder adxudicar dita praza á persoa que corresponda da lista de agarda.

Calquera anomalía que se advirta sobre o bo desenvolvemento do programa deberáselle comunicar ao Servizo de Benestar Social da institución provincial.

Décimo sexta. Supostos de perda da condición de beneficiario/a e reintegro

O incumprimento das obrigas requiridas para a obtención da condición de beneficiario/a e a consignación ou achega de datos ou documentos falsos ou inexactos coa finalidade de obtención dunha praza no programa suporá:

- *A cancelación da estancia concedida, no caso de que dita circunstancia fose advertida con carácter previo ao desfrute da estancia.*

- *A obriga de abonar a totalidade do custe da estancia no caso de que se detectase dita circunstancia con carácter posterior ao desfrute máis os xuros de demora correspondentes, que poderá esixirse polo procedemento de constrinximento.*

Todo isto, sen prexuízo do réxime sancionador que, no seu caso, resulte aplicable.

Decimos sétima. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar os datos e os documentos que as persoas interesadas declaren na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento das persoas físicas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercitar outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-dedatos/exercicio-de-dereitos>.

Décimo sétima. Publicidade

Estas bases reguladoras e o seu extracto publicaranse no BOPPO, na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>) e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Décimo oitava. Prazo de vixencia

As bases que regulan este programa estarán vixentes ata o 31 de marzo de 2027

Ditas Bases figuran asinadas dixitalmente có (CSV): VI9SVBMPM3L5LAV8

Asinado dixitalmente na marxe.



3.35833.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE ESTA DEPUTACIÓN E OS CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, A GUARDA, MONDARIZ-BALNEARIO, O PORRIÑO, O ROSAL, SALVATERRA DE MIÑO, TOMIÑO E TUI, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DOS RECURSOS TURÍSTICOS EXISTENTES NOS CONCELLOS DO ÁMBITO TRANSFRONTEIRIZO, RECOLLIDAS NO PROXECTO 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, APROBADO NA 4ª CONVOCATORIA DO INTERREG VI A POCTEP 2021-2027, COFINANCIADO NUN 75% CON FONDOS FEDER. (EXPTE. 2025045705)

ANTECEDENTES

- No exercicio das súas atribucións, e ao abeiro da normativa aplicable, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, desexan establecer as pautas de colaboración para levar a cabo a “Realización de accións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos existentes nos citados concellos, co subministro de elementos e equipamentos que favorezan a accesibilidade de todas as persoas, especialmente daquelas con algún tipo de discapacidade”. A dita acción englobase no marco do proxecto 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, aprobado na 4ª convocatoria do Interreg VI A POCTEP 2021-2027, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER.
- O Comité de Xestión do Programa de Cooperación Interreg VI A España-Portugal (POCTEP) 2021-2027, financiado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Regional (FEDER), na súa reunión do 22/04/2024, acordou a concesión dunha axuda FEDER de 1.219,321,85 euros ao proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P, presentado á 4ª convocatoria, da que é beneficiaria a Deputación de Pontevedra por un importe de 282.150,00 € (75% do gasto elixible de 376.200,00 €).
- O Pleno da Corporación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 28 de xuño de 2024, adoptou, entre outros, o acordo (núm 4.8220) da aprobación do proxecto e a aceptación da subvención outorgada polo FEDER, no marco do POCTEP INTERREG VI-A, para a execución do mesmo.
- Entre as accións a desenvolver, no actividade 3 do dito proxecto está prevista a acción 3.2, “Actuacións para acadar a accesibilidade universal dos recursos turísticos de forma que se permita o seu disfrute por todas as persoas”. A tal efecto, no proxecto aprobado figura recollido un orzamento de 17.800,00 € para a elaboración de audioguías descargables sobre os recursos incluídos nos paquetes turísticos, así como un orzamento de 60.000,00 € para actuacións de adecuación e mellora da accesibilidade de equipamentos relacionados cos produtos turísticos.
- Para desenvolver estas accións, desde o Servizo de Cooperación, con data 20/06/2025, a través de escrito asinado polo Presidente da Deputación, notificouse aos 16 concellos galegos que forman parte da área transfronteiriza do río Miño, a posibilidade de participar na referida acción, así como a información sobre a mesma e o xeito de adhesión. Os concellos que solicitaron a adhesión foron os de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui. A tal efecto, estes concellos enviaron información dos espazos e recursos turísticos sobre os que actuar, así como as necesidades para a mellora da accesibilidade dos mesmos.



- Asemade, estes concellos enviaron toda a documentación necesaria para a tramitación do convenio de colaboración mediante os seguintes rexistros: WEB2025047786 de 25/06/2025; WEB2025047991 de 26/06/2025; WEB2025048482 de 27/06/2025; WEB2025048813, WEB2025048832 e WEB2025048792 de 30/06/2025; WEB2025049251 de 1/07/2025; WEB2025050086 de 03/07/2025; WEB2025053066 de 17/07/2025; WEB2025068354 de 01/10/2025; WEB2025070617, WEB2025070637, WEB2025070748, eWEB2025070726 de 10/10/2025; WEB2025071204 de 14/10/2025; WEB2025071597 de 15/10/2025; WEB2025072191 de 17/10/2025; WEB2025073420 de 23/10/2025; e WEB2025074195 de 27/10/2025.
- Revisada polo Servizo de Cooperación, a documentación achegada polos concellos cumpre os requisitos esixidos pola normativa aplicable para a sinatura do convenio. Na documentación do expediente, no xestor de CIVIDAS, consta a providencia de inicio de expediente de 26/09/2025 (CSV: 48F8ZIPH5ADVIGMX); o informe do xefe do Servizo de Cooperación de 6/11/25 (CSV: FWO69DZJXT8HQQD8R) e o informe de Intervención de fiscalización favorable do expediente de data 07/11/2025 (CSV: :H3HP8D9I3IJLTX25).
- En data 21/11/2025 sométese ao ditame da Comisión Informativa de Cooperación Local, Cooperación Transfronteiriza e de Coordinación de Emerxencias Provinciais a aprobación do “Convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneiros, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, para a realización de accións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos existentes nos concellos do ámbito transfronteirizo, recollidas no proxecto 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P”.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Lexislación aplicable:

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo (RLXS)
- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, Reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA)
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPAC)
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público (LRXSP)
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG)
- Lei 19/2013, de 9 de decembro de Transparencia, acceso á información pública e bo goberno.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL)
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada no Pleno provincial do 25 de outubro de 2024 e publicada no BOPPO do 27 de decembro de 2024
- Bases de execución do orzamento da Deputación.

Consideracións Xurídicas:

Competencia:

- Artigo 36.1.d) da LRBRL, que atribúe ás Deputacións competencias en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas



competencias das demais administracións públicas neste ámbito. Pola súa parte, o artigo 109 da LALGA encoméndalles en xeral as deputacións, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

Petición e evacuación de informes:

- Artigos 79 e 80 da LPAC sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á Resolución cando se incorporen ó texto da mesma.
- Artigos 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Artigo 172 do ROFRXEL, que dispón que o xefe da Dependencia á que corresponda tramitar o expediente deberá emitir un informe, expoñendo os antecedentes e as disposicións legais ou regulamentarias en que funde o seu criterio.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2025, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.

Procedencia do convenio

- Artigos 47 e seguintes da LRXSP que dispoñen que os convenios de colaboración constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a cooperación en cuestións de interese común.
- Artigo 57 da LRBRL que dispón que a cooperación en servizos locais desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante convenios administrativos, en conexión co artigo 195.h) da LALGA.
- Artigos 199 da LALGA, que en consonancia co artigo 49 da LRXSP sinala as especificacións que deberán conter os instrumentos de formalización dos convenios.
- Artigo 6 da LCSP, que exclúe do seu ámbito de aplicación os convenios de colaboración que celebre a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras e servizos locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que subscriban estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a dita lei.
- Artigo 2 da LXS, polo que na súa virtude a achega económica da Deputación de Pontevedra ten o carácter dunha subvención; neste senso o artigo 22.2 sinala que se poderán conceder, con carácter excepcional, de forma directa subvencións nas que se acrediten razóns de interese público, social, económico ou humanitario ou outras debidamente xustificadas que dificulten a súa convocatoria pública. No presente convenio xustifícase o interese público desta actuación en base ás competencias da Deputación en materia de cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, tendo como fins propios e específicos garantir os principios de solidariedade e equilibrio municipais, asegurando a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal, incluíndo a asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica e, en xeral, o fomento e a administración dos intereses particulares da provincia, conforme o establecido nos artigos 31 e 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril. E especificamente o artigo 36.1.d) que establece como competencia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas demais Administracións Públicas neste ámbito.



– Artigo 28.1 da LXS que establece que a resolución de concesión e, no seu caso, os convenios a través dos cales se canalicen estas subvencións establecerán as condicións e compromisos aplicables de conformidade co disposto nesta lei.

CONCLUSIÓNS

En base ás precedentes consideracións, ó interese público que representa esta actuación e aos principios de colaboración e cooperación que se recollen na lexislación vixente, a Deputación de Pontevedra e os concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, conveñen a súa colaboración neste ámbito co obxecto de desenvolver un réxime de colaboración entre as ditas administracións para levar a cabo a realización de accións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos existentes nos citados concellos, coa dotación de elementos e equipamentos que favorezan a accesibilidade de todas as persoas.

Neste senso os convenios de colaboración constitúen o instrumento idóneo para canalizar esta colaboración. Os concellos sinalados, presentaron a documentación necesaria para formalizar este convenio e quedan acreditadas no expediente as razóns de oportunidade, a valoración económica das actuacións a desenvolver e o propio obxecto do convenio.

Por todo o exposto e á vista dos antecedentes e fundamentos de dereitos aplicables, informo favorablemente a tramitación do "CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, A GUARDA, MONDARIZ-BALNEARIO, O PORRIÑO, O ROSAL, SALVATERRA DE MIÑO, TOMIÑO E TUI, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DOS RECURSOS TURÍSTICOS EXISTENTES NOS CONCELLOS DO ÁMBITO TRANSFRONTEIRIZO, RECOLLIDAS NO PROXECTO 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, APROBADO NA 4ª CONVOCATORIA DO INTERREG VI A POCTEP 2021-2027, COFINANCIADO NUN 75% CON FONDOS FEDER".

RÉXIME COMPETENCIAL:

De conformidade co disposto no artigo 10.4 da LXS, que sinala que a competencia para conceder subvencións nas corporacións locais correspóndelle ós órganos que teñan atribuídas tales funcións na lexislación de réxime local, en virtude do establecido nos artigos 34 e 35 da LRBRL e na base 16ª.2 de Execución do Orzamento provincial, compéttelle á Xunta de Goberno a autorización e disposición do gasto, e aprobación do convenio.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano concedinte co seu superior criterio decidirá. Á vista do anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o convenio de colaboración entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, para a realización de accións de mellora da accesibilidade dos recursos turísticos existentes nos concellos do ámbito transfronteirizo, recollidas no proxecto 0249 Visit Rio Minho Plus 1 P, aprobado na 4ª convocatoria do INTERREG VI A POCTEP 2021-2027, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER.



O texto do convenio figura co CSV: XBAJG9LDBL7XZBNO, cuxo texto literalmente transcrito di como segue:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, A GUARDA, MONDARIZ-BALNEARIO, O PORRIÑO, O ROSAL, SALVATERRA DE MIÑO, TOMIÑO E TUI, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DOS RECURSOS TURÍSTICOS EXISTENTES NOS CONCELLOS DO ÁMBITO TRANSFRONTEIRIZO, RECOLLIDAS NO PROXECTO 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, APROBADO NA 4ª CONVOCATORIA DO INTERREG VI A POCTEP 2021-2027, COFINANCIADO NUN 75% CON FONDOS FEDER.

No Pazo Provincial, na data da sinatura electrónica

INTERVEÑEN

Dunha parte, Luis López Diéguez, na súa condición de Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, actuando en virtude das competencias que se lle atribúen no artigo 34 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 105 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

Doutra, Horacio Gil Expósito, na súa condición de Alcalde de Arbo, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Luis Antonio Gómez Piña, na súa condición de Alcalde de A Cañiza, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Roberto José Álvarez Carrero, na súa condición de Alcalde de A Guarda, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, César Gil Bernárdez, na súa condición de Alcalde de Mondariz-Balneario, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Manuel Alejandro Lorenzo Alonso, na súa condición de Alcalde de O Porriño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Ánxela Fernández Callís, na súa condición de Alcaldesa de O Rosal, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Marta Valcárcel Gómez, na súa condición de Alcaldesa de Salvaterra de Miño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Sandra González Álvarez, na súa condición de Alcaldesa de Tomiño, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.

Doutra, Enrique Cabaleiro González, na súa condición de Alcalde de Tui, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.



E dando fe do acto que se celebra D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Pontevedra. As partes reconécense con capacidade para a formalización do presente convenio, en base aos principios de colaboración, cooperación, coordinación e eficacia que deben presidir as actuacións das Administracións Públicas, e a estes efectos, de común acordo,

EXPOÑEN

I.- Os convenios das administracións públicas constitúen o instrumento adecuado para desenvolver a súa cooperación en cuestións de interese común, tal e como se establecen nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 57 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e nos artigos 198 e seguintes da Lei 5/97, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia.

II.- O artigo 25.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, dispón que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover actividades e prestar os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo.

III.- Pola súa parte, o artigo 36.1.d da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, atribúelle ás deputacións competencias para a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio.

IV.- No marco das actuacións para o desenvolvemento territorial da área transfronteiriça do Miño, a Deputación de Pontevedra é beneficiaria do proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS: Consolidación da marca Río Minho e creación de novos produtos turísticos transfronteirizos, cofinanciado nun 75% con fondos FEDER no marco do programa operativo de cooperación transfronteiriça España-Portugal (POCTEP) 2021-2027 INTERREG VI A. Entre os obxectivos específicos deste proxecto está o de potenciar o papel da cultura e o turismo sostible, a inclusión social e a innovación social.

V.- O Comité de Xestión do POCTEP 2021-2027, acordou na súa reunión do 22/04/2024 a concesión dunha axuda FEDER de 1.219.321,85€, para o proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P. No dito proxecto, inclúese a actividade número 3, denominada: “Inversións en novas infraestruturas e equipamentos turísticos que melloren a imaxe do destino turístico Río Miño”. Concretamente, a acción 3.2 contempla a realización de diversas actuacións para alcanzar a accesibilidade universal dos recursos turísticos, de forma que se permita o seu disfrute por todas as persoas incluídas as que presenten algún tipo de discapacidade.

Está recollido un orzamento de 17.800,00 € para a elaboración de audioguías descargables sobre os recursos incluídos nos paquetes turísticos, así como un orzamento de 60.000,00 € para actuacións de adecuación e mellora da accesibilidade de equipamentos relacionados cos produtos turísticos.

VI.- Desde o servizo de cooperación, a través de escrito asinado polo Presidente da Deputación, trasladouse aos 16 concellos galegos que forman parte da área transfronteiriça do río Miño, a posibilidade de participar na referida acción, así como a información sobre a mesma e o xeito de adhesión.

Os concellos que solicitaron a adhesión á dita acción son Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui. Estes concellos enviaron información dos espazos e recursos turísticos sobre os que actuar, así como as necesidades para a mellora da accesibilidade dos mesmos.

Neste marco de colaboración, encádrase a proposta deste convenio entre a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui. Polo cal,



ACORDAN:

Primeiro.- Obxecto da colaboración

O obxecto do presente convenio é articular as bases de colaboración entre a Deputación e os ditos Concellos para poder levar a cabo accións de mellora da accesibilidade aos recursos turísticos dos concellos, coa dotación de diferentes elementos que mellorarán a accesibilidade de todas as persoas, especialmente daquelas con algún tipo de discapacidade.

As accións para facilitar e mellorar a accesibilidade dos recursos turísticos dos concellos, englobanse nas seguintes categorías:

1. Subministro de audioguías adaptadas e descargables.
2. Outros elementos de mellora da accesibilidade:
 - a. Subministro e instalación de dispositivos para mellorar a accesibilidade auditiva como bucles magnéticos de indución.
 - b. Subministro de impresoras braille.
 - c. Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible (sinalización SLA, servizos bixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.).

Segundo as peticións concretas realizadas por cada un dos Concellos, o orzamento destinado ao subministro de audioguías e outros elementos de mellora da accesibilidade a cada un deles, responde a seguinte táboa:

CONCELLO	ELEMENTO/S	ORZAMENTO (IVE incluído)
ARBO	1.-Audioguías adaptadas e descargables. 2.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible.	10.226,67 €
CAÑIZA, A	1.- Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible. Plano háptico centro de interpretación cultura castrexa	6.666,67 €
GUARDA, A	1.-Audioguías adaptadas e descargables. 2.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible.	10.226,67 €
MONDARIZ-BALNEARIO	1.- Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible. (Realización dun plano/ folleto inclusivo do recursos turísticos en linguaxe adaptado)	6.666,67 €
PORRIÑO, O	1.-Audioguías adaptadas e descargables. 2.-Bucles magnéticos de indución. 3.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible (sinalización SLA, servizos bixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.).	10.226,67 €
ROSAL, O	1.-Impresora braille 2.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible. (sinalización SLA, servizos bixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.).	6.666,67 €
SALVATERRA DE MIÑO	1.-Bucles magnéticos de indución. 2.-Impresoras braille. 3.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible. (sinalización SLA, servizos bixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.).	6.666,67 €
TOMIÑO	1.-Audioguías adaptadas e descargables. 2.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible na praia fluvial e no Espazo Fortaleza.	10.226,67 €



TUI	1.-Audioguías adaptadas e descargables. 2.-Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible. (sinalización SLA, servizos hixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.). 3.- Folleto en linguaxe braille sobre o Camiño de Santiago Portugués.	10.226,67 €
-----	---	-------------

Segundo.- Importe e financiamento

1. As actuacións ás que se refire este convenio serán financiadas pola Deputación Provincial de Pontevedra, que se obriga a sufragar o seu custe ata a cantidade máxima de 77.800,00 € (SETENTA E SETE MIL OITOCENTOS EUROS), consoante a seguinte distribución:

ACCIÓN	IMPORTE (con IVE)	APLICACIÓN	ANUALIDADE
Audioguías	17.800,00 €	25/942.9432.652.01	2025
Outros elementos de mellora da accesibilidade	60.000,00€	26/942.9432. 652.01	2026
TOTAL	77.800,00 €		

2. Os custes derivados deste convenio imputaranse nas aplicacións orzamentarias 25/942.9432.652.01 e 26/942.9432.652.01 do Proxecto de gastos “2400004 Visit Rio Minho Plus 1 P”, nas que a Intervención provincial ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.

No caso de que a actuación teña un custo inferior ao inicialmente previsto, e sempre que isto non supoña unha execución deficiente da totalidade da actuación, o financiamento reducirase proporcionalmente.

O orzamento desagregase no Anexo I do presente convenio.

3. As accións recollidas no presente convenio inclúense no Formulario Financeiro aprobado do proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS, correspondente a acción 3.2, “actuacións para acadar a accesibilidade universal dos recursos turísticos de forma que se permita o seu desfrute por todas as persoas”. O proxecto enmárcase na cuarta convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP), polo que as accións obxecto deste convenio serán cofinanciadas nun 75% con fondos FEDER.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA (25%)	FONDOS FEDER 75% ESPAÑA- PORTUGAL POCTEP 2021-2027	TOTAL
19.450,00 €	58.350,00 €	77.800,00 €

Estas accións obxecto do convenio, salvo que posteriormente se conceda unha prórroga para os proxectos aprobados na 4ª convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP), teñen que estar efectivamente realizadas a data do 31 de decembro de 2026.

Terceiro.- Compromisos da Deputación

1. A Deputación asumirá a contratación das accións contidas na cláusula primeira por un importe máximo de 77.800,00 € (IVE incluído).

2. A Deputación promocionará as intervencións obxecto do convenio dentro do ámbito de comunicación do proxecto 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS_1_P

3. A Deputación de Pontevedra prestará a colaboración e facilitará canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas, en cumprimento do disposto no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e da Resolución Presidencial núm. 2017008767 de 8 de maio de 2017.



4. *A Deputación intercambiará información cos Concellos de xeito que os faga partícipes das solucións técnicas escollidas no proxecto que garantan a súa viabilidade.*

Cuarto.- Compromisos dos Concellos.

Os concellos asinantes ten as seguintes obrigas:

1. *Achega de información sobre os elementos de interese a subministrar.*
2. *Comprometese a tramitar, no seu caso, ante os organismos e administracións competentes as autorizacións pertinentes que fosen precisas para a colocación da sinalización e/ou carteleiras, planos, etc.*
3. *Facilitar a relación dos bens e servizos afectados, asumindo as actuacións necesarias para o correcto desenvolvemento do proxecto.*
4. *Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida no exercicio das funcións de fiscalización e control do destino das axudas que lle corresponden á Intervención Provincial, ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.*
5. *Unha vez subministrados os elementos e instalada a sinalización e/ou paneis, estes serán entregados ao concello correspondente, que será o titular dos mesmos e, por tanto, responsable do seu mantemento e conservación, alomenos, por un período mínimo de 5 anos.*
6. *Cumprir cos demais supostos previstos neste convenio ou calquera outra obriga prevista no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*

Quinto.- Publicidade.

1. *En toda a documentación e informacións relativas ás actuacións derivadas do obxecto do presente convenio incluírase a imaxe corporativa que a este fin facilite a Deputación de Pontevedra. Do mesmo xeito, deberá incluírse o logo do Programa Interreg VI POCTEP 2021-2027.*
 2. *As accións de promoción a desenvolver no marco do obxecto do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración prestada pola Deputación de Pontevedra.*
 3. *Por outra parte, en cumprimento do establecido na resolución de 15 de xuño de 2020, da Intervención Xeral da Administración do Estado pola que se regula o proceso de rexistro e publicación de convocatorias de subvencións e axudas no Sistema Nacional de Publicidade de Subvencións, e, en aplicación dos principios recollidos na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a Base de Datos Nacional de Subvencións operará como sistema nacional de publicidade das subvencións. A tales efectos e para garantir o dereito dos cidadáns a coñecer todas as subvencións convocadas en cada momento e cara a contribuír aos principios de publicidade e transparencia, a Intervención Xeral da Administración do Estado publicará na súa páxina web as subvencións concedidas, segundo o establecido nos artigos 20.4 e 20.8.b da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.*
 4. *Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a Deputación de Pontevedra remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade Autónoma de Galicia.*
 5. *Segundo o disposto no artigo 18 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención aos Concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui será publicada no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e na páxina Web da Deputación (<http://www.depo.gal/>).*
 6. *Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de Convenios que depende do Servizo de Patrimonio e Contratación da Deputación.*
- En calquera publicidade ou comunicación que realice calquera das administracións asinantes, estas estarán obrigadas a deixar expresa constancia que as actuacións contidas neste convenio son executadas pola Deputación, no marco do proxecto denominado 0249_VISIT_RIO_MINHO_PLUS: “Consolidación da marca Río Minho e creación de novos produtos turísticos*



transfronteirizos, aprobado na cuarta convocatoria do Programa de Cooperación Interreg VI A España – Portugal 2021-2027 (POCTEP), que conta cun cofinanciamento do 75% de Fondos FEDER.

En todo caso, as accións a desenvolver ao abeiro do convenio, deberán garantir un alto impacto e visibilidade da colaboración entre os Concellos e a Deputación.

Sexto.- Comisión de Seguimento e Control.

Para o seguimento e control do presente convenio constituirase unha Comisión de seguimento mixta, integrada polo Presidente da Deputación e os Alcaldes e Alcaldesas dos Concellos mencionados, ou persoas nas que deleguen, así como un representante de carácter técnico de cada administración.

Corresponderalle á Comisión de seguimento as seguintes funcións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio proponendo as actuacións que se consideren precisas.*
- Proponer a interpretación, no caso de dúbida, do seu contido.*
- Se xorden controversias na aplicación do convenio propoñerlles ás partes a súa resolución.*
- A determinación das obrigas respecto das actuacións en curso no caso de extinción por causa distinta ó cumprimento da vixencia do convenio.*
- As demais funcións que se lle atribúan neste convenio.*

Esta comisión reunirse dentro do prazo de tres días, a contar dende a petición expresa realizada por calquera delas.

Sétimo.- Remisión de información ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas.

As partes comprométese a remitir a documentación necesaria ao Tribunal de Contas e ao Consello de Contas en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público e na R.P. de 2 de decembro de 2016 da Presidencia do Tribunal de Contas, pola que se publica o acordo do Pleno de 24 de novembro de 2016, polo que se aproba a Instrución relativa á remisión telemática ao Tribunal de Contas de convenios e de relacións anuais dos celebrados polas entidades do Sector Público local, todo elo no prazo e na forma establecidos ao efecto.

Oitavo.- Vixencia do convenio, prórroga ou modificación.

1. O presente convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e terá vixencia ata o remate das actuacións obxecto do convenio. En todo caso, fíxase un prazo de execución ata o 30 de setembro de 2026.

2. O convenio poderá ser prorrogado até un máximo de 3 meses, (como máximo ata o 31 de decembro de 2026), por acordo expreso das partes, tomado antes de que expire a súa vixencia e logo dos informes previos preceptivos da Unidade Xestora e da Intervención da Deputación.

3. Tamén por acordo expreso de todas as partes e por causa debidamente xustificada, e despois dos mesmos informes indicados no apartado anterior, o convenio poderá ser obxecto de modificación.

Noveno.- Extinción do Convenio

1. O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

2. Serán causas de resolución:

- a) O transcurso do prazo máximo de vixencia do convenio.*
- b) O acordo unánime dos asinantes.*
- c) O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte dalgún dos asinantes*

Neste caso, notificarase á parte incumplidora un requirimento para que, no prazo que se sinala, cumpra coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado tamén ao responsable da Comisión de Seguimento. Se transcorrido o prazo indicado no requirimento persistir o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará á outra parte a concorrencia de causa de resolución e entenderase resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá dar lugar a indemnización dos danos e perdas causados.



- d) Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
e) Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

Décimo.- Réxime xurídico.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e rexerase pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aprobou o seu regulamento, nos seus preceptos básicos; a lexislación básica do Estado en materia de réxime local; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do Real Decreto 887/2006; polos pactos que se conteñen neste convenio; as Bases de Execución dos orzamentos das Administracións asinantes e as restantes normas de dereito administrativo, e no seu defecto, as normas de dereito privado.

2. Os Concellos de Arbo, A Cañiza, A Guarda, Mondariz-Balneario, O Porriño, O Rosal, Salvaterra de Miño, Tomiño e Tui, e a Deputación Provincial de Pontevedra, comprométense a resolver de maneira amigable calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento deste convenio. Con todo, e no caso de aparición de discrepancias que non puideran resolverse a través da Comisión de Seguimento, será competente a Xurisdición Contencioso-Administrativa.

E, en proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan o presente convenio por duplicado e a un só efecto no lugar e data sinalados no seu encabezamento.

O Presidente da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Luis López Diéguez

O alcalde do concello de Arbo

Asdo.: Horacio Gil Expósito

O alcalde do concello de A Cañiza

Asdo.: Luis Antonio Gómez Piña

O alcalde do concello de A Guarda

Asdo.: Roberto José Álvarez Carrero

O alcalde do concello de Mondariz-Balneario

Asdo.: César Gil Bernárdez

O alcalde do concello de O Porriño

Asdo.: Manuel Alejandro Lorenzo Alonso

A alcaldesa do concello de O Rosal

Asdo.: Ánxela Fernández Callís

A alcaldesa do concello de Salvaterra de Miño

Asdo.: Marta Valcárcel Gómez

A alcaldesa do concello de Tomiño

Asdo.: Sandra González Álvarez

O alcalde do concello de Tui

Asdo.: Enrique Cabaleiro González

O Secretario Xeral da Deputación de Pontevedra

Asdo.: Carlos Cuadrado Romay



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA E OS CONCELLOS DE ARBO, A CAÑIZA, A GUARDA, MONDARIZ-BALNEARIO, O PORRIÑO, O ROSAL, SALVATERRA DE MIÑO, TOMIÑO E TUI, PARA A REALIZACIÓN DE ACCIÓNS DE MELLORA DA ACCESIBILIDADE DOS RECURSOS TURÍSTICOS EXISTENTES NOS CONCELLOS DO ÁMBITO TRANSFRONTEIRIZO, RECOLLIDAS NO PROXECTO 0249 VISIT RIO MINHO PLUS 1 P, APROBADO NA 4ª CONVOCATORIA DO INTERREG VI A POCTEP 2021-2027, COFINANCIADO NUN 75% CON FONDOS FEDER.

ANEXO I

CONCEPTO	IMPORTE (sen IVE)	IMPORTE (con IVE)
<i>Audioguías adaptadas e descargables</i>	14.710,74 €	17.800,00 €
<i>Outros elementos de mellora para a accesibilidade:</i> • Dispositivos de accesibilidade auditiva como bucles magnéticos de indución. • Impresoras braille. • Mellora, adaptación ou instalación da sinalización accesible (sinalización SLA, servizos hixiénicos, percorridos de evacuación, sinalización podo-táctil, planos hápticos, etc.).	49.586,78 €	60.000,00 €
TOTAL	64.297,52 €	77.800,00 €

„

- Facultar ao Presidente para formalizar o devandito convenio mediante a súa sinatura.
- Darlle traslado do presente acordo aos concellos interesados, á Intervención, ó Servizo de Cooperación, e ao Gabinete da Presidencia.

4.35834.-

AMPLIACIÓN DA CONTÍA DO PROGRAMA +AQUA 2025 COMO CONSECUENCIA DE REMANENTES DO PROGRAMA DE ACCIÓN COMUNITARIA DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (PLAN PROVINCIA COMUNITARIA 2025). (EXPTE.2024079743)

No expediente consta o informe da xefatura do servizo de Cooperación que literalmente se transcribe:

“ANTECEDENTES:

Primeiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 13 de decembro de 2024, aprobou as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (programa +AQUA 2025)” e as “bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025” (Plan Provincia comunitaria 2025)” ambas publicadas no BOPPO número 247, do 20 de decembro de 2024, co obxecto de regular a concesión, a execución e a xustificación das subvencións que se concedan con cargo a elas.



Segundo.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 14 de novembro de 2025, adoptou o acordo número 5.35766 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2024 (Plan Provincia comunitaria 2025)”, a 232 asociacións entre as 301 solicitudes presentadas, que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por un importe de 2.143.250,40 euros dun total de 2.350.000,0 euros dispoñibles.

Terceiro.- A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial na súa sesión ordinaria do día 21 de novembro de 2025, adoptou o acordo número 7.35790 de “concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025)”, a 245 comunidades de usuarios, de entre as 280 solicitudes presentadas, que cumprían todos os requisitos esixidos polas bases por un importe de 2.346.306,12 euros dun total de 2.350.000,0 euros dispoñibles.

Cuarto.- Visto que o importe solicitado supera a cantidade máxima de dous millón trescentos cincuenta mil euros (2.350.000,00€), procedeuse a levar a cabo o sorteo entre as solicitudes que pasarán a constituír a lista de agarda e que empataron en puntuación en todos os criterios, tal e como se recolle na base 7ª.

Quinto.- Atendendo á base 5ª das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa +AQUA 2025, “a contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente co Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia comunitaria 2025), financiado con cargo á aplicación 2025/942.4590.789.07”.

Sexto.- Á vista do remanente existente derivado da concesión de subvencións da convocatoria do programa de axudas a asociacións de veciños, confederacións, federacións ou unións de asociacións de veciños e asociacións de mulleres rurais da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan Provincia comunitaria 2025) que ascende a 206.749,60 euros.

Sexto.- Procede empregar o crédito dispoñible, de xeito adicional, para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do Programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (programa +AQUA 2025).

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Réxime xurídico

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións (LXS), e o seu Regulamento aprobado por Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo (RLXS).
- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (LPACAP).
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia (LSG).
- Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais (ROFRXEL).
- Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de axudas a comunidades de usuarios de augas da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Programa +AQUA 2025).
- Bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra para o ano 2025 (Plan provincia comunitaria 2025).



*Consideracións xurídicas**Instrución do expediente*

- Base reguladora 6ª da convocatoria, que establece que o procedemento de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva, de acordo cos criterios de valoración recollidas nela.
- Base 5ª das convocatorias, “financiamento”.
- Base reguladora 7ª da convocatoria, que indica que lle corresponde ao xefe do Servizo de Cooperación á instrución do procedemento de concesión.

Petición e evacuación de informes

- Artigos 79 e 80 da LPACAP, sobre a petición e a evacuación de informes.
- Artigo 88.6 da LRXAP, que sinala que a aceptación de informes ou ditames servirá de motivación á resolución cando se incorporen ao texto da mesma.
- Artigo 213 e ss. do TRLRFL, sobre o control e a fiscalización da xestión económica que lle corresponde realizar á Intervención.
- Bases 47ª e 48ª de execución do Orzamento provincial para 2025, sobre o control e a fiscalización da xestión económica, que sinalan a competencia da Intervención para realizar esta función.
- Artigo 24 da LXS, que establece que as actividades de instrución comprenderán, entre outras, a petición de cantos informes se estime necesarios para resolver ou que sexan esixidos polas normas que regulan a subvención.
- Base reguladora 5ª das bases reguladoras e convocatoria de subvencións do programa +AQUA 2025, “a contía inicial máxima poderá ampliarse como consecuencia da existencia de remanentes na convocatoria correspondente co Programa de acción comunitaria da provincia de Pontevedra (Plan Provincia comunitaria 2025), financiado con cargo á aplicación 2025/942.4590.789.07”.

Resolución do expediente

- Artigo 22 da LXS, que dispón que a proposta de concesión formularase ao órgano concedente a través do órgano instructor.
- Artigo 25 da LXS, polo que o órgano competente resolverá o procedemento e a resolución motivarase de conformidade co que dispoñan as bases reguladoras da subvención.
- Artigo 62 do RLXS, que establece que na resolución de concesión deberán quedar claramente identificados os compromisos asumidos polos beneficiarios.
- Artigo 185 do TRLRFL, que regula as competencias en materia de xestión de gasto.
- Base de execución 25ª do orzamento provincial para o exercicio 2025 que recolle as normas xerais reguladoras das subvencións.
- Bases reguladoras 1ª da convocatoria que define o obxecto e as finalidades subvencionables que poden acollerse a este programa.
- Bases reguladoras 8ª e 10ª das convocatorias que recollen a necesaria documentación para a concesión da subvención e o prazo para a súa presentación.
- O artigo 63 do Real Decreto 887/2006 establece que mediante resolución acordarase tanto o outorgamento das subvencións, como a desestimación e a non concesión, por desistencia, a renuncia ao dereito ou a imposibilidade material sobrevinda; neste mesmo sentido se pronuncia o artigo 16 da Ordenanza Xeral.



CONCLUSIÓNS

Con suxeición ao antedito e as consideracións xurídicas expostas, informo favorablemente e propono:

- *Ampliar a contía inicial do programa +AQUA 2025 en 206.749,60 euros como consecuencia da existencia de remanentes do Plan Provincia comunitaria 2025 e empregar o crédito dispoñible de xeito adicional para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do “programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (programa +AQUA 2025)”.*

RÉXIME COMPETENCIAL

En virtude do establecido na base 16ª.2 das Bases de Execución do Orzamento provincial e de conformidade co disposto no artigo 35 da LRBRL, e no artigo 17 do RLXS, a competencia para resolver atribúeselle á Xunta de Goberno.

Este informe non ten carácter vinculante, de feito que o órgano competente co seu superior criterio decidirá.

*En Pontevedra, na data da sinatura electrónica
O xefe do servizo de Cooperación,
Marcos Areán González*

A teor de todo o sinalado, no exercicio das competencias que atribúe o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, o artigo 63 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais e as bases específicas de execución do orzamento para o vixente exercicio, e vistos os informes da xefatura do Servizo de Cooperación de data 25/11/2025, e a dilixencia de conformidade da intervención provincial de data 27/11/2025, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Ampliar a contía inicial do programa +AQUA 2025 en 206.749,60 euros como consecuencia da existencia de remanentes do Plan Provincia comunitaria 2025 e empregar o crédito dispoñible de xeito adicional para a concesión doutras subvencións a solicitudes en lista de agarda do “programa de axudas a comunidades de usuarios de auga da Deputación de Pontevedra (programa +AQUA 2025)”.
2. Ordenar a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO), na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e na sede electrónica da Deputación de Pontevedra <http://sede.depo.gal>.



5.35835.- APROBACION DA SOLICITUDE DE ADHESIÓN PRESENTADA POLO
CONCELLO DE BUEU AO PROGRAMA “+ BENESTAR”. (EXPTE.
2025047687)

ANTECEDENTES

1º.- A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Benestar Social, leva a cabo a organización de actividades dirixidas a persoas maiores de 55 anos, xubiladas e pensionistas, coa finalidade de favorecer o seu envellecemento activo e fomentar a participación e a cooperación social promovendo espazos de encontro e intercambio de experiencias que fomenten a súa independencia e evitar así o illamento e as situacións de soidade non desexada.

O programa, cun grande arraigo dentro das actuacións termais que a Deputación de Pontevedra destina ás persoas maiores (Saúde e Benestar e Depothermal), ten como finalidade facilitarlles ás veciñas e veciños da provincia de Pontevedra o acceso a actividades de ocio saudable e envellecemento activo en establecementos hostaleiros (balnearios, talasos ou spas) e, ao mesmo tempo, pretende ser un programa dinamizador da economía da provincia que impulse a creación e o mantemento de postos de traballo no sector turístico durante os períodos de menor actividade ao desestacionalizar a demanda.

2º.- A Xunta de Goberno aprobou, na súa sesión do 13 de decembro de 2024, as bases reguladoras do programa “+ BENESTAR” 2025, que foron modificadas na súa sesión ordinaria do 28 de marzo de 2025 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) número 92 do 16 de maio de 2025. Coas bases foi publicado o anexo I no que se relacionaban as entidades colaboradoras co programa para o ano 2025, en concreto, un total de 56 concellos.

3º.- En relación ao rexistro de entidades colaboradoras, a base novena recolle o seguinte: **(...)Adicionalmente, os concellos da provincia non adheridos ao programa poderán solicitar en calquera momento a súa incorporación como entidade colaboradora. A lista actualizada de concellos adheridos publicárase en www.depo.gal. (...)**

4º.- O Concello de Bueu presentou con data 25 de xuño de 2025 e número de rexistro WEB2025047776 a solicitude de adhesión como entidade colaboradora do programa + Benestar.

5º. Con data 31 de xullo de 2025 a Xefa do Servizo de Benestar Social emite informe proposta de inclusión do Concello de Bueu como entidade colaboradora (CSV: FYTAZGE0GNKIMS3A) e con data 28 de outubro de 2025 o Servizo de Intervención emite dilixencia favorable (CSV: XS6FSORRVXMF21AI).

Consonte ao anterior, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobación da adhesión como entidade colaboradora do programa do Concello de Bueu con data de efectos a partir do 1 de xaneiro de 2026.



6.35836.- APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO “IGUALANDO” DO
CONCELLO DE A GUARDA (EXPTE 2024072978).

O Concello de A Guarda solicitou a concesión dunha subvención para a realización do proxecto “*Igualando 2025*”, ao abeiro das Bases reguladoras da convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos de menos de 20.000 habitantes da provincia de Pontevedra para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025 (BOPPO nº 17 de 27 de xaneiro de 2025).

A Xunta de Goberno, na súa sesión do 10 de xullo de 2025, acordou concederlle á dito concello, unha axuda económica por importe de 5.996,30 €, para o desenvolvemento de dito proxecto.

Este concello, con data de 19 de setembro de 2025 no Rexistro electrónico desta Deputación Provincial un escrito con nº WEB2025079858. Neste escrito solicitan a modificación do proxecto presentado inicialmente, “*Igualando 2025*”, no referido a que unha das actividades propostas para levar a cabo “faladoiro: Muller e Saúde” que inicialmente estaban axendado para levar a cabo no mes de outubro, por motivos de axenda tivo que ser trasladado para o mes de decembro, tal circunstancia non afecta a intereses de terceiros, nin ao número de persoas participante, é unha modificación sen contido económico, xa que non afecta ao orzamento.

Entre os obxectivos xerais do proxecto “*Igualando 2025*” está o de promover un cambio de mentalidades no territorio, coa finalidade de rachar coas desigualdades existentes por razón de xénero a través da sensibilización, concienciación e do incremento da participación da poboación na loita a favor da igualdade de oportunidades.

Nesta modificación solicitada polo concello indícase que o faladoiro “Muller e Saúde” terá lugar no mes de decembro, estando inicialmente previsto que se realizase no mes de outubro.

Segundo o establecido na base décimo quinta das bases reguladoras da convocatoria, manteranse as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e o orzamento subvencionado.

Segundo se establece no artigo 18 da Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra e na base décimo sexta da convocatoria destas subvencións a entidade beneficiaria pode solicitar unha modificación do contido da resolución dentro do prazo de un mes dende a resolución, ou con carácter inmediato á aparición das circunstancias que levan consigo a necesidade de modificación se non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada e, a entidade mantén a finalidade da subvención e non dana dereitos de terceiros.

Existindo informe da xefa do Servizo de Igualdade, de data 19 de novembro de 2025 (CSV: AL3COIFDGVAIJSWT), no que considera xustificada a modificación solicitada. Vistos o informe favorable de Intervención, con data 19 de novembro de 2025 (CSV: 9GEKKD16110MWZXU).



Con data 21 de novembro de 2025 réunese a Comisión de Valoración (CSV: I6EDH5C9F64HYDIZ) e autoriza a solicitude de modificación do proxecto xa que séguese mantendo a finalidade da subvención, non se dana dereitos de terceiros e non se varía a puntuación inicial da valoración da solicitude presentada.

Considerando que é a Xunta de Goberno, o órgano competente para a aprobación desta modificación segundo o estipulado na base décimo quinta das bases reguladoras desta convocatoria de subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o ano 2025.

Polo exposto a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1. Aprobar a modificación do proxecto “*Igualando 2025*”, presentado polo Concello de A Guarda (NIF: P3602300J), ao abeiro das bases reguladoras das subvencións dirixidas aos concellos da provincia de Pontevedra de menos de 20.000 habitantes para o fomento da igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero para o ano 2025.
2. Manter as condicións da subvención concedida, o importe da subvención e o orzamento subvencionado.

7.35837.- APROBACIÓN DO PROXECTO DE EXECUCIÓN DA OBRA “REFORMA E ADECUACIÓN DO CENTRO DE TRANSFORMACIÓN, CADRO XERAL DE BAIXA TENSIÓN E GRUPO ELECTRÓXENO NA INSTALACIÓN ELÉCTRICA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE”. (EXPTE.2025062350)

Resultando.- Que a subministración eléctrica do Centro Príncipe Felipe, realízase en alta tensión dende dous centros de transformación propios, situados nunha das edificacións destinadas a instalacións nas proximidades do edificio que alberga o CEE e Agarimo, dende o cal e mediante o cadro de baixa tensión do recinto se distribúen as alimentación eléctricas cara os diferentes edificios.

Resultando.- Que mediante Resolución Presidencial do 02.04.2024 adxudicouse a Instec Vigo, S.L., o contrato de servizos para a realización dunha auditoría da instalación eléctrica xeral do CPF. O 10.06.2024 achégase Informe de medicións eléctricas de consumo, megado de liñas e proposta de reforma e adecuación de centros de transformación, CGBT e subministro de socorro en CPF, redactado polo enxeñeiro técnico industrial Antonio García Álvarez, no que se recollen unha serie de defectos graves que determinan a necesidade de renovar as instalación de alta tensión do CPF.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio García Álvarez adscrito á empresa Instec Vigo, S.L., o proxecto técnico para a execución da obra “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe” cun orzamento base de licitación de 467.782,24 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: UFC48SNXFXZ1P816.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia do Deputado Delegado da de Príncipe Felipe, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de



obras “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe”

Resultando.- Que pola Intervención emitiuse documento RC número 12025000194474 por importe de 467.782,24 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/232.2312.632.03 do vixente orzamento provincial, , certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que consta no expediente informe de fiscalización do proxecto favorable CSV: TR22KYXI1MCT6AQI.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: PC39EEJ4NWUJSDHY, informe de supervisión do proxecto favorable, emitido por Antonio Giráldez da Cruz, enxeñeiro adscrito ó Servizo de Arquitectura.

Considerando.- Que en relación co art. 233.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, cómpre sinalar que, tal e como se reflicte no proxecto, á vista das características técnicas das actuacións que se pretenden acometer non se considera necesario a inclusión dun estudo xeotécnico.

Considerando.- Que consta no expediente con CSV: 9WB6RMSZOL98B47I, a presentación da comunicación previa da obra ante o Concello de Pontevedra, non existindo ningún pronunciamento a maiores sobre a necesidade ou non de autorizacións sectoriais.

Considerando.- Que o artigo 231 da LCSP establece que: “...a adxudicación dun contrato de obras requirirá a previa elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto que definirá con precisión o obxecto do contrato. A aprobación do proxecto corresponderá ó órgano de contratación...”

Considerando.- Todo o recollido no Título I, Capítulo I, sección 1ª da LCSP, referente ás actuacións preparatorias do contrato de obras.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras un valor estimado de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar o proxecto de execución da obra “Reforma e adecuación do centro de transformación, cadro xeral de baixa tensión e grupo electrógeno na instalación eléctrica do Centro Príncipe Felipe” redactado polo enxeñeiro técnico industrial D. Antonio García Álvarez adscrito á empresa Instec Vigo, S.L., cun orzamento base de licitación de 467.782,24 € IVE incluído. A este proxecto asignóuselle o código CSV: UFC48SNXFXZ1P816.



8.35838.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE BIOMASA COMBUSTIBLE EN FORMA DE PELLETS DE MADEIRA PARA AS CALDEIRAS DE BIOMASA DO CENTRO PRÍNCIPE FELIPE DESTA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2025049445)

A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria do día 26 de setembro de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse para publicar ao Diario Oficial da Unión Europea con data 29/09/2025 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, e no DOUE (Anuncio número: 636582-2025) en data 30 de setembro de 2025. Así mesmo, publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

Rematado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación, na sesión do día 30/10/2025 procedeu á apertura electrónica e calificación dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa, presentados polas empresas licitadoras.

As empresas admitidas foron as seguintes:

1	Acttia Medioambiental, S.L.	B15743750
2	Gestcalor SI	B94038106
3	Mosquera Villavidal,S.L.	B32117764
4	Servicios Lacar Salnes, S.L	B01747328

Na reunión da Mesa de Contratación do día 30/10/2025, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobre B correspondente á documentación avaliable mediante criterios automáticos. Os valores ofertados figuran no certificado da mesa co csv AD1RXM0RBj0BRYWV.

A continuación procédese a efectuar a ponderación dos valores ofertados no sobre B de conformidade cos criterios establecidos nos pregos de cláusulas económico-administrativas das empresas admitidas sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

Empresas	Precio	Reducción prazo	Puntuación total
Servicios Lacar Salnes S.L.	71,11	10	81,11
Acttia Medioambiental SLU	80	20	100
Mosquera Villavidal	51,02	10	61,02
Gestcalor S.L.	46,84	20	66,84



De conformidade co exposto, a Mesa de Contratación, na súa sesión do día 6 de novembro de 2025, acordou propor ao órgano de contratación aprobar a clasificación das ofertas admitidas e, en base á dita clasificación, propor ao órgano de contratación que, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecido no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, procedera á adxudicación do contrato a favor da empresa, Acttia Medioambiental, S.L. (CIF: B15743750), polos prezos e valores ofertados.

Mediante Resolución Presidencial número RP2025008975, de 07/11/2025 o órgano de contratación acepta a proposta da Mesa de Contratación 2025, de adxudicar o contrato, sempre e cando cumprimente correctamente a documentación establecida no artigo 150.2 da Lei de Contratos do Sector Público e nos pregos reguladores do procedemento, á empresa Acttia Medioambiental, S.L. (CIF B15743750).

A empresa proposta presenta a documentación correspondente ao requirimento a través da sede electrónica da Deputación de Pontevedra, Rexistro entrada REX_ WEB2025080685 de data 24/11/2025, cumprindo cos requisitos establecidos nos pregos e no requirimento, quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia. Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva, por importe de 8.937,50€ carta de pago núm. operación 12025000224390 do 24/11/2025).

Tendo en conta os artigos 150 e 151 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo os cales, recibida a documentación á que se refire o apartado 2 de artigo 150, o órgano de contratación adxudicará o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes. A resolución de adxudicación deberá ser motivada e notificarase aos candidatos e licitadores, debendo ser publicada no perfil do contratante no prazo de 15 días naturais. Na notificación indicarse o prazo no que debe procederse á formalización do contrato.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidenta para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de subministración cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.-Adxudicar o contrato de *Subministración de biomasa combustible en forma de pellets de madeira para as caldeiras de biomasa do centro Príncipe Felipe da Deputación de Pontevedra*, á empresa ACTTIA MEDIOAMBIENTAL, S.L. (CIF B15743750), polos prezos e valores ofertados, e conforme ao seguinte detalle:

1. Prezo unitario por tonelada:

Importe sen o IVE:	229,00 €
IVE 21 %:	48,09 €
Importe total ofertado:	227,09 €



2. Redución do prazo de subministración:

Prazo de subministro ofertado	
1 día hábil (redución máxima do prazo permitida)	☒

O prazo de duración Un ano desde a data da formalización do contrato.

Establécese a posibilidade de dúas prórrogas de un ano de duración cada unha.

Prazo de execución das subministracións: 3 días hábiles, contados a partir da recepción do pedido, ou prazo inferior ao que a empresa se comprometa na súa oferta.

Financiación: O importe do contrato financiarase de acordo coa seguinte distribución:

Anualidade	Aplicación orzamentaria	Importe total (co IVE)
2025	25/232.2312.221.03	18.023,96€
2026	26/232.2312.221.03	198.263,54€
	Total	216.287,50€

O importe correspondente á anualidade 2026, quedará condicionado a aprobación do respectivo orzamento e a existencia de crédito adecuado e suficiente no mesmo.

O cadro de financiación poderá sufrir variacións en función da data na que se formalice o contrato.

Forma de pagamento: Parcial.

Fitos de facturación:

A empresa adxudicataria deberá emitir unha factura para cada un dos subministros e descargas efectivamente realizados no Centro Príncipe Felipe, con arranxo á cantidade subministrada e ao prezo unitario da tonelada sinalado na súa oferta; que deberá ir acompañado do correspondente albará firmado pola persoa responsable da recepción do subministro, no que se se identificará claramente o tipo e cantidade dos bens entregados.

De acordo co disposto no apartado 4.3 do Prego técnico todo subministro dará lugar a entrega dun albará no que deberá constar, como mínimo:

- Produto que se subministra.
- Cantidade subministrada.
- Data e hora de entrega.
- Instalación de procedencia da empresa adxudicataria.
- Cantidade de pellet aproximada existente no silo tras a descarga.
- Presión de descarga do pellet.
- Número de albará.
- Espazo suficiente para formular conformidade ou observacións.

A dito albará deberá axuntarse o ticket de pesado do vehículo, obtido mediante báscula con precisión homologada “CE”.



A descarga do produto a subministrar deberá realizarse en presenza do persoal do Centro Príncipe Felipe que teña asignada a tarefa de recepción, que procederá a firma do albará de entrega.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola adxudicatario ou adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, para os efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e número de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp:	25049445	
Órgano xestor:	LA0006112	Unidade tramitadora:	LA 0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a ou o adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, farao achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.

Responsable do contrato: Patricia Pérez Fernández, Técnica de mantemento do Centro Príncipe Felipe.

3.- As empresas adxudicatarias deberán formalizar os contratos en documento administrativo, que se porá a súa disposición na sede electrónica da Deputación de Pontevedra unha vez transcorrido o prazo de quince días hábiles, contados desde que se remita a notificación deste acordo ás empresas licitadoras.

Os servizos dependentes do órgano de Contratación requiriranlle á empresa seleccionada para que formalice o contrato nun prazo non superior a cinco días contando desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, unha vez transcorrido o prazo previsto no parágrafo anterior sen que se interpuxese recurso que comporte a suspensión da formalización do contrato. De igual forma procederán cando o órgano competente para a resolución do recurso levantase a suspensión.

9.35839.- ADXUDICACIÓN DO PROCEDEMENTO NEGOCIADO SEN PUBLICIDADE E EXCLUSIVIDADE, TRAMITADO PARA CONTRATACIÓN DE SERVIZOS PUBLICITARIOS CON “LA VOZ DE GALICIA, S.A.” PARA A ANUALIDADE 2026 (EXPT. 2025068238)

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 7 de novembro de 2025, acordou aprobar o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, dos servizos publicitarios con LA VOZ DE GALICIA, S.A. para a anualidade 2026, e iniciar o procedemento, dando traslado do acordo, xunto cos pregos de condicións económico-administrativas e de prescricións técnicas, á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (CIF A15000649).



No mesmo acordo, o órgano de contratación invita o día 11 de novembro de 2025, á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (CIF A15000649), no caso de estar interesada, a presentar proposición a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP).

A citada empresa presentou oferta con data 24 de novembro de 2025 e unha vez examinada a documentación presentada resulta admitida no procedemento.

Resultando uns prezos unitarios ofertados coincidentes coas tarifas indicadas no anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A continuación, procédese á valoración da oferta de conformidade cos criterios de adxudicación establecidos no prego de cláusulas económico-administrativas particulares, co seguinte resultado:

Criterios de adxudicación do contrato: menor prezo ofertado sen IVE, ata un máximo de 100 puntos.

Empresa	Prezo ofertado SEN IVE	Puntuación
LA VOZ DE GALICIA, S.A. (CIF A15000649).	169.421,49 €	0,000 puntos

A empresa proposta para a adxudicación, figura inscrita no Rolece e no Rexistro Xeral de Contratistas da Xunta de Galicia quedando, polo tanto, debidamente acreditados os requisitos de capacidade e solvencia.

Asemade, consta no expediente a constitución da garantía definitiva polo importe de 8.471,07 € (carta de pago núm. 12025000228975 de data 28/11/2025).

Considerando o establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos que superen o importe de 100.000,00 euros (IVE incluído), a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Adxudicar o contrato “Servizos publicitarios con La Voz de Galicia, S.A. para a anualidade 2026”, á empresa LA VOZ DE GALICIA, S.A. (CIF A15000649), conforme ás tarifas dixital e impresa que figuran na oferta (CSV: 0F7OXYACT1CUNDY1 e 0W2NLW3R728VB1TS), coincidentes coas tarifas iniciais do anexo IV do prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

A Deputación de Pontevedra non se compromete a realizar un número mínimo de insercións publicitarias nin a gastar una cantidade fixa, senón que dependerá das necesidades que vaian xurdindo para facer as citadas publicacións, que se axustarán aos prezos indicados, sen que o gasto total poida superar o seguinte importe:

Importe máximo con IVE	205.000 €
------------------------	-----------



O prazo máximo de duración do contrato será desde o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026. Se a sinatura do contrato é posterior ao 1 de xaneiro considerarase como data de comezo a da súa sinatura.

A formalización do contrato efectuarase en documento administrativo unha vez transcorridos quince días hábiles desde que se remita a notificación da adxudicación á empresa.

Nomear responsable do contrato á Xefatura do servizo de Comunicación Institucional da Deputación de Pontevedra ou persoa en quen delegue.

As obrigas derivadas do presente contrato financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 26/924.9200.226.02 do vixente orzamento provincial.

Forma de pagamento: PARCIAL.

Fitos de facturación: Os pagamentos á empresa adxudicataria realizaranse contra a presentación das correspondentes facturas por insercións publicitarias realizadas que deberán ser aprobadas pola persoa responsable do contrato, unha vez acreditada a conformidade dos servizos prestados.

O prezo aboarase dentro dos trinta días seguintes á data de aprobación dos documentos que acrediten a conformidade dos servizos prestados co disposto no contrato, nos termos establecidos nos artigos 198.4 e 210.4 da LCSP.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse pola ou polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACe, ao que pode accederse desde a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.es>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e o núm. de expediente que se relacionan a continuación:

Administración:	L02000036 (CIF: P3600000H)		Núm. de exp.:	2025068238	
Órgano xestor:	LA006130	Unidade tramitadora:	LA0006135	Oficina contable:	LA0006135

Se, xunto coa factura, a adxudicataria ou adxudicatario ten que presentar outros documentos xustificativos do traballo realizado, o fará achegando os documentos xustificativos a través do sistema de facturación da Deputación de Pontevedra.



10.35840.- DECLARACIÓN DE DESERTO DO PROCEDIMENTO ABERTO SIMPLIFICADO CONVOCADO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE DESENVOLVEMENTO DE OBRADOIROS DE SAÚDE MENTAL, DIRIXIDOS AOS 34 CENTROS PÚBLICOS NOS QUE SE IMPARTE E.S.O. E BACHARELATO DE CONCELLOS DE RETO DEMOGRÁFICO DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA (RESERVADO A ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, DISPOSICIÓN ADICIONAL 48ª LCSP). (EXPTE. 2025058982)

Resultando.- Que a Xunta de Goberno, na sesión ordinaria do día 07 de novembro de 2025, aprobou o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do “*servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental, dirixidos aos 34 centros públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato de concellos de reto demográfico da provincia (reservado a entidades de iniciativa social, Disposición Adicional 48ª LCSP)*”.

Resultando.- Que o anuncio de licitación publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 11 de novembro de 2025. Así mesmo, na mesma data publicáronse os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

Resultando.- Que finalizado o prazo de presentación de ofertas, a Mesa de Contratación na súa reunión de data 27 de novembro de 2025, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do devandito servizo.

Resultando.- Que no certificado da Mesa de Contratación (CSV: P0UKJYHLSJP2H20M), se recolle o seguinte:

“(…) a Mesa de Contratación ACORDA:

- *Propor ao órgano de contratación que se declare deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental, dirixidos aos 34 centros públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato de concellos de Reto Demográfico da provincia de Pontevedra (reservado a entidades de iniciativa social, disposición adicional 48ª LCSP), por non terse presentado ningunha empresa interesada na adxudicación deste contrato.”*

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento contempladas nas Seccións 1ª e 2ª do Capítulo V, do Título II do Libro Segundo da LCSP.

Considerando.- Que no artigo 150.3 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, recolle o seguinte “(…) non poderá declararse deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego”.

Considerando.- Que, a sensu contrario, cabería concluír que cando non exista ningunha oferta ou proposición admisible de acordo cos criterios que figuren no prego a licitación poderá declararse deserta.



Considerando.- Que o parágrafo segundo da letra e) do artigo 63.3 da LCSP contempla o seguinte: “(...) *serán obxecto de publicación no perfil do contratante a decisión de non adxudicar ou celebrar o contrato, o desistimento do procedemento de adxudicación, a declaración de deserto, así como a interposición de recursos e a eventual suspensión dos contratos con motivo da interposición de recursos*”.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2.a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Declarar deserto o procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental, dirixidos aos 34 centros públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato de concellos de reto demográfico da provincia (reservado a entidades de iniciativa social, Disposición Adicional 48ª LCSP)* por non terse presentado ningunha proposición en tempo e forma.

11.35841.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA GRUPO NORTE MCA SL, PARA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE DESEÑO, PRODUCCIÓN, TRANSPORTE, MONTAXE DESMONTAXE, ALMACENAMENTO, MANTEMENTO E SERVIZOS COMPLEMENTARIOS DA CASETA QUE REPRESENTARÁ A TURISMO RÍAS BAIXAS-DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA EN FEIRAS DE TURISMO. (EXPT.E.2024066273)

Na sesión ordinaria do día 28 de febreiro de 2025, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo* á empresa Grupo Norte MCA SL (NIF: B-36220135) polos seguintes prezos ofertados:

Prezo sen IVE:	123.850,00 €
IVE (21%):	26.008,50 €
Prezo total:	149.858,50 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 1 de abril de 2025 e o prazo de duración é ata o 31 de decembro de 2025, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 14 de outubro de 2025 a Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 14 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 24 de novembro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito para exercicios futuros número de operación 12025000223780, polo importe de 149.858,50 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de decembro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo”, por 1 ano, desde 01/01/2026 ao 31/12/2026

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do *“Servizo de deseño, produción, transporte, montaxe e desmontaxe, almacenamento, mantemento e servizos complementarios da caseta que representará a Turismo Rías Baixas-Deputación de Pontevedra en feiras de turismo”* subscrito coa empresa GRUPO NORTE MCA SL (NIF: B36220135), durante o período 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (149.858,50 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 26/433.4320.227.99.

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



12.35842.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA AVANTE EVOLUCIÓN DE MEDIOS S.L.U., PARA O SERVIZO DE XESTIÓN INTEGRAL DA CAMPAÑA DE COMUNICACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DO DESTINO RÍAS BAIXAS 2026. (EXPTE.2024068089)

Na sesión ordinaria do día 30 de maio de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas* á empresa Avante Evolucion de Medios SL (NIF: B70509971) polos seguintes prezos e valores ofertados:

1.- Prezo para a xestión e coordinación:

Prezo sen IVE	4.000,00 €
IVE (21 %)	840,00 €
Prezo co IVE	4.840,00 €

E de acordo co seguinte detalle:

- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios off-line: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios on-line: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante compra programática: 0%
- Comisión da axencia sobre a contratación de medios, soportes e espazos publicitarios mediante xestións pola Deputación de Pontevedra: 0%
- Comisión da axencia sobre custos de contratación externa: 0%.

2.- Prezo das accións de comunicación e promoción:

	Importe sen IVE	Importe IVE engadido
Accións de comunicación e promoción	146.245,30€	176.956,81€
Accións específicas	77.910,00€	94.271,11€
Total	224.155,60€	271.227,92 €

O aforro polos custos por comisións de axencia de viaxe, ascende a cantidade de 10.617,40€.

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 26 de xuño de 2025 e o prazo de duración é ata o 31 de decembro de 2025 desde a formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas anuais.

Con data 15 de outubro de 2025 a Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.



Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 15 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, con data 24 de outubro do 2025, a Intervención emitiu os seguintes documentos de retencións de crédito para exercicios futuros para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato durante o ano 2026:

ANUALIDADE	CONCEPTO	Nº RCFUT	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2026	Xestión e coordinación	12025000223986	26/433.4320.226.02	4.840,00€
2026	Accións comunicación e promoción	12025000223989	26/433.4320.226.02	176.956,81€
2026	Accións específicas	12025000223994	26/433.4320.226.20	94.271,11€
TOTAL				276.067,92 €

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de decembro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas”, por 1 ano, desde 01/01/2026 ao 31/12/2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do servizo *“Servizo de xestión integral da campaña anual de comunicación e promoción turística do destino Rías Baixas”* subscrito coa empresa AVANTE EVOLUCION DE MEDIOS SL (NIF : B70509971), durante o período 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexén.



O importe do gasto (276.067,92 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:

ANUALIDADE	CONCEPTO	APLICACIÓN ORZAMENTARIA	IMPORTE (IVE engadido)
2026	Xestión e coordinación	26/433.4320.226.02	4.840,00€
2026	Accións comunicación e promoción	26/433.4320.226.02	176.956,81€
2026	Accións específicas	26/433.4320.226.20	94.271,11€
TOTAL			276.067,92 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.

13.35843.- APROBACIÓN DA PRIMEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO, FORMALIZADO COA EMPRESA GLOBAL SETUP, S.L.U., PARA O SERVIZO DE PROXECCIÓN DUN VIDEOMAPPING NA TORRE DO HOMENAXE DO CASTELO DE SOUTOMAIOR. (EXPTE. 2024066550).

Na sesión ordinaria do día 20 de decembro de 2024, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adxudicou o contrato de *Servizo de proxección dun videomapping na Torre do Homenaxe do Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra* á empresa Global Setup, S.L.U. (NIF: B-94119104) polos seguintes prezos e valores ofertados:

Prezo sen IVE	28.960,00 €
IVE (21 %)	6.081,60 €
Prezo co IVE	35.041,60 €

O contrato formalizouse en documento administrativo de data 30 de decembro de 2024 e o prazo de duración é dun ano desde a data de formalización do contrato, con posibilidade de tres prórrogas anuais. O prazo de execución das prórrogas será fixado polo servizo de Turismo Rías Baixas, dentro do mesmo período do ano considerado no contrato inicial (decembro a xaneiro).

Con data 20 de outubro de 2025 a Xefatura do Servizo de Turismo Rías Baixas, emite informe no que se solicita prorrogar o devandito contrato polo período de un ano, con efectos de 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Tendo en conta que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que “*A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes*”.

Tendo en conta que se formulou o preaviso de prórroga do contrato en data 21 de outubro de 2025, e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.



Tendo en conta que, con data 21 de novembro do 2025, a Intervención emitiu documento de retención de crédito número de operación 12025000223742, polo importe de 35.041,60 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3360.227.99, para atender ás obrigas económicas que resulten dos servizos que se realicen ao abeiro da prórroga do presente contrato.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de decembro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, do informe do responsable do contrato, infórmase favorablemente a proposta de prórroga do contrato de “Servizo de proxección dun videomapping na Torre do Homenaxe do Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra.”, por 1 ano, desde 30/12/2025 ao 29/12/2026

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, en uso das facultades que lle confire a normativa local vixente.

O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 29/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a primeira prórroga do contrato do “*Servizo de proxección dun videomapping na Torre do Homenaxe do Castelo de Soutomaior da Deputación de Pontevedra.*” subscrito coa empresa Global Setup, S.L.U (NIF: B94119104), durante o período 30 de decembro de 2025 ata o 29 de decembro de 2026, ambos inclusive, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto (35.041,60 €, co IVE) é para a toda a duración da prórroga e financiarase con cargo á aplicación orzamentaria 25/433.3360.227.99.

14.35844.- APROBACIÓN DA TERCEIRA PRÓRROGA DO CONTRATO FORMALIZADO COA EMPRESA SEGURLEM, S.L., PARA O SERVIZO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS DE PROTECCIÓN CONTRA INCENDIOS EN DIVERSOS EDIFICIOS DA DEPUTACIÓN. (EXPTE.2022043534)

Na sesión ordinaria do día 04 de novembro de 2022, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra adjudicou os tres lotes do contrato de servizo de “*Mantenemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra*” á empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B-36262053), polos prezos e valores seguintes:



Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	15.403,50 €	3.234,73 €	18.638,23 €
Lote 2	8.766,90 €	1.841,05 €	10.607,95 €
Lote 3	4.002,25 €	840,47 €	4.842,72 €

Na sesión ordinaria do día 27 de outubro de 2023, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra mediante acordo 11.33101 aprobou a modificación número 1 relativa ao lote 1 deste contrato para cesar a prestación do servizo na Escola de Canteiros, quedando os seguintes prezos e valores ofertados no Lote 1:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	13.854,99 €	2.909,55 €	16.764,54 €

O contrato formalizouse en documentos administrativos de data 19 de decembro de 2022 para os Lotes 1 e 3; e data 27 de decembro de 2022 para o Lote 2, sendo o prazo de duración dun ano contado dende a data sinalada no documento de formalización, con posibilidade de tres prórrogas dunha anualidade de duración cada unha. Os contratos entraron en vigor o 01 de xaneiro de 2023.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 24 de novembro de 2023, a primeira prórroga do contrato de servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” dende o 01 de xaneiro do 2024 ata o 31 de decembro do 2024, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

A Xunta de Goberno aprobou, mediante acordo adoptado na súa sesión ordinaria de data 29 de novembro de 2024, a segunda modificación e a segunda prórroga do contrato de servizo de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” dende o 01 de xaneiro do 2025 ata o 31 de decembro do 2025, cesando a prestación deste servizo na oficina de información turística de Armenteira, quedando os seguinte prezo no lote 1:

Lotes	Prezo total ofertado sen IVE	21% de IVE	Prezo total IVE engadido
Lote 1	13.773,51 €	2.892,44 €	16.665,95 €

Con data 17 de outubro de 2025, a Xefa do Servizo de Arquitectura, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 1 polo período de un ano. Así mesmo, a Xefa de Xestión Administrativa do Centro Príncipe Felipe, con data 15 de novembro de 2025, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 2, tamén polo período dun ano. De igual modo, a Xefa de Xestión do Museo de Pontevedra, con data 07 de outubro de 2025, emite informe no que se solicita prorrogar o lote 3, polo período dun ano. Nos tres lotes solicítase a prorroga con efectos dende o 01 de xaneiro de 2026 ao o 31 de decembro de 2026.



Resultando que o apartado 4.2 das cláusulas xerais do prego de cláusulas económico administrativas, de conformidade co previsto no artigo 29.2 da LCSP establece que *“A prórroga será obrigatoria para a ou o empresario, sempre que o seu preaviso se produza con dous (2) meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato. Non será obrigatorio o referido preaviso no caso de que a duración do contrato sexa inferior a dous (2) meses. En ningún caso poderase producir a prórroga polo consentimento tácito das partes”*.

Resultando que se formularon os preavisos de prórroga do lote 1 en data 17 de outubro de 2025 (data de comparecencia: 22/10/2025), do lote 2 en data 09 de outubro de 2025 (data de comparecencia: 09/10/2025) e do lote 3 en data 03 de outubro de 2025 (data de comparecencia: 03/10/2024), e en todo caso con dous meses de antelación á finalización do prazo de duración do contrato.

Tendo en conta que, a Intervención emitiu os seguintes informes sobre a previsión futura de retención de crédito para atender as obrigas que se deriven da prórroga do contrato; Lote 1 CSV: BVBEEUPSNMK8BNU3, Lote 2 CSV: RM47GH8UOITW8CGX e Lote 3 CSV: ZEKZ91HSINEBCYI2.

De conformidade co informe conxunto do servizo de Contratación, a Secretaría e a Intervención, de data 01 de decembro do 2025, que conclúe o seguinte:

“En atención ao exposto e, destacadamente, dos informes dos responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta da terceira prórroga do contrato de “Mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” por unha anualidade, desde o 01 de xaneiro do 2026 ao 31 de decembro do 2026.

O órgano que ostenta a competencia para resolver a presente ampliación de prazo é a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 31/12/2025.”

Considerando que a disposición adicional segunda da Lei 9/2017 de Contratos do Sector Público, no seu apartado 1, faculta a Presidencia para actuar como órgano de contratación con competencia respecto deste contrato, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a),

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

- Aprobar a terceira prórroga do contrato para a prestación do servizo de mantemento das instalacións de protección contra incendios en diversos edificios da Deputación de Pontevedra” subscrito para os tres lotes coa empresa SEGURLEM, S.L. (NIF: B36262053), durante o período que vai desde o 01 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026, permanecendo inalterables os termos das condicións contractuais que o rexen.

O importe do gasto é para a toda a duración da prórroga do contrato e financiarase con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias:



LOTE 1:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	Pazo Provincial, Edificio Administrativo e Sede de Vigo	26/920.9200.213.00	4.240,45 €
2026	Turismo Rías Baixas (Palacete das Mendoza)	26/433.4320.213.00	1.380,61 €
2026	Turismo Rías Baixas (Castelo de Soutomaior)	26/433.3360.213.00	631,14 €
2026	Turismo Rías Baixas (Castelo de Sobroso)	26/433.3363.213.00	1.025,60 €
2026	Patrimonio documental e bibliográfico (arquivo provincial)	26/332.3322.213.00	1.025,60 €
2026	Arquitectura (Centro Vacacional A Lanzada)	26/457.3370.213.00	355,01 €
2026	Medio Ambiente (Laboratorio Finca Mouriscade)	26/410.4120.213.00	1.617,29 €
2026	Estación Fitopatolóxica Areeiro	26/413.4123.213.00	1.203,10 €
2026	ORAL Oficina Central e Periféricas	26/932.9320.213.00	2.169,53 €
2026	Asistencia Intermunicipal (CAAN)	26/923.1705.213.00	335,29 €
2026	Asistencia Intermunicipal (Oficina de Revitaliza)	26/923.1623.213.00	177,51 €
2026	Infraestruturas e Vías Provinciais (Parque Maquinaria Lalín e Gondomar)	26/456.4530.213.00	591,69 €
2026	Cooperación cos Municipios (Viveiro de empresas de Lalín e Viveiro empresas Barro-Meis)	26/942.4330.213.00	1.538,39 €
2026	Cooperación cos Municipios (Centro de Apoio Empresarial)	26/942.4331.213.00	374,74 €
		TOTAL	16.665,95 €

LOTE 2:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	Centro Príncipe Felipe	26/232.2312.213.00	10.607,95 €

LOTE 3:

Anualidade	Centro xestor	Aplicación orzamentaria	Importe (co IVE)
2026	Museo de Pontevedra (Edif. Fernandez López e anexo, Castro Monteagudo, García Flórez, Sarmiento, Castelao e Ruínas de San Domingos)	26/333.3330.213.00	4.842,72 €

O importe de gasto quedará condicionado á aprobación do orzamento do exercicio 2026 e á existencia de crédito adecuado e suficiente na correspondente aplicación orzamentaria.



15.35845.- APROBACIÓN DE EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A
ADXUDICACIÓN MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO
SIMPLIFICADO, O CONTRATO DE OBRAS "ENSANCHE E MELLORA DA
E.P. 4102 LEIRADO-LIRA, DENDE O PQ. 1+000 ATA O PQ. 1+877
(CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO)". (EXPTE. 2025064133).

Resultando.- Que de acordo coa Lei 7/85, de 2 de abril, de bases de réxime local a prestación de servizos de carácter supramunicipal e supracomarcal é unha das competencias propias das deputacións. A salvagarda do servizo público viario e a mellora da seguridade viaria é o eixo principal das competencias da Deputación de Pontevedra en materia de infraestruturas e mobilidade.

Resultando.- Que o artigo 9.2 da Lei 8/2013, de 28 de xuño, de estradas de Galicia (en diante LEG) establece que a administración titular da estrada é responsable do servizo público viario. A rede provincial de estradas con aproximadamente 1.700 quilómetros de lonxitude total, atópase na estrutura viaria global por detrás das estradas de competencia estatal e da Xunta de Galicia.

Resultando.- Que no desenvolvemento da súa competencia, a Deputación presentou en xaneiro de 2016 o seu Decálogo de Criterios para as novas actuacións nas vías provinciais co fin de actuar acorde coas demandas urbanísticas, ambientais e sociais, de máximo respecto ao territorio e ao patrimonio construído aumentando a seguridade viaria en toda a rede de estradas da provincia.

Resultando.- Que a estrada EP 4102 LEIRADO-LIRA que percorre o termo municipal de Salvaterra de Miño pertence á rede provincial de estradas da Deputación de Pontevedra, cunha lonxitude de 1.670 metros.

Resultando.- Que logo da inspección realizada polo persoal dos servizos técnicos de Infraestruturas e Vías Provinciais, constatouse que na devandita estrada resulta necesario o acondicionamento dun treito duns 900,00 metros da estrada EP – 4102, co fin de mellorar a funcionalidade da vía e a súa seguridade, tanto para o tráfico rodado como peonil.

Resultando.- Que sendo necesario definir de forma clara e precisa o obxecto do contrato, redactouse polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., , o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE Incluído. A este proxecto asinóuselle o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

Resultando.- Que na súa consecuencia recibíuse no Servizo de Contratación providencia da Deputada Delegada de Infraestruturas Públicas e Movilidade, solicitando iniciar a tramitación do expediente para adxudicar o contrato de obras “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)”



Resultando.- Que pola Intervención emitíuse documento RC número 12025000179974 por importe de 559.261,58 € con cargo á aplicación orzamentaria 25/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial, dentro do proxecto de gasto nº 2024081120, certificando a existencia de consignación orzamentaria para facer fronte a este gasto.

Resultando.- Que a Xunta de Goberno na súa sesión ordinaria celebrada o día 07/11/2025 acordou aprobar o proxecto de execución da obra “Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)” redactado polo enxeñeiro Pablo Blanco Ferreiro, adscrito á empresa Estudio Técnico Gallego, S.A., cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE Incluído. A este proxecto asígnóuselle o código CSV: 9X3YZNK3RMP0NAHA.

Resultando.- Que consta no expediente acta de replanteo previo e memoria xustificativa emitida polo xefe do Servizo de Contratación, no que manifesta en relación co procedemento a seguir para esta contratación, que o procedemento de adxudicación debe de ser o procedemento aberto simplificado recollido no artigo 159.1 da LCSP, en relación co 131.2 do mesmo texto legal.

Resultando.-Que consta no expediente con CSV: D66SCX1P5MWIBLMO, informe do Secretario Xeral da Deputación, no que se recolle o seguinte: “...*Estímase que os pregos reúnen o contido mínimo previsto nos art. 122 da LCSP e 67 do Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, informándose o expediente de xeito favorable...*”

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: W8H4AOJO6G649GL7 informe de fiscalización do expediente, no que se recolle o seguinte: “...*Na cláusula 9.1 do apartado I. “Cláusulas particulares” do prego de cláusulas económico-administrativas particulares recóllense varios criterios avaliábeis mediante un xuízo de valor. A este respecto sinalar que, sempre e cando sexa posible, deben primar os criterios obxectivos e dar preponderancia a aqueles que fagan referencia a características do obxecto do contrato que se poidan valorar mediante cifras ou porcentaxes obtidos mediante a mera aplicación das fórmulas establecidas nos pregos, de acordo co recollido no artigo 146.2 da LCSP. Aínda que os citados criterios veñen ponderados no prego, no informe técnico de valoración das ofertas, deben recollerse de forma clara as razóns nas que se fundamentan as puntuacións acadadas por cada licitador, sen que se poidan incluír aspectos que non figuren recollidos previamente no prego de cláusulas económico-administrativas particulares dentro de cada subcriterio. CONCLUSIÓN Polo exposto, infórmase favorablemente o expediente, debendo terse en conta o sinalado anteriormente...*”

Considerando.- Que o artigo 116.1 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos del Sector Público, (en diante LCSP), establece que: “A celebración dos contratos por parte das Administracións Públicas requirirá a previa tramitación do correspondente expediente, que se iniciará polo órgano de contratación motivando a necesidade do contrato (...), e que deberá ser publicado no perfil de contratante”

Considerando.- Todo o recollido nas normas do procedemento establecidas nas Seccións 1ª e 2ª, do Capítulo I, do Título I do Libro Segundo da LCSP.



Considerando.- Que o artigo 117.1 do mesmo texto legal recolle que “Completado o expediente de contratación, dítase resolución motivada polo órgano de contratación aprobando o mesmo e dispoñendo a apertura do procedemento de adxudicación. Dita resolución implicará tamén a aprobación do gasto(...). Esta resolución deberá ser obxecto de publicación no perfil do contratante.”

Considerando.- Que o artigo 122.1 da LCSP establece que: “Os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato..”

Considerando.- Que o artigo 131.2 da LCSP establece que: “ A adxudicación realizarase, ordinariamente (...) utilizando o procedemento aberto...”

Considerando.- Que o artigo 159.1 do mesmo texto legal recolle que os órganos de contratación poderán acordar a utilización de un procedemento aberto simplificado nos contratos de obras cando o seu valor estimado sexa igual ou inferior a dous millóns de euros e que entre os criterios de adxudicación previstos no prego non haxa ningún evaluable mediante xuízo de valor, ou de habelos, a súa ponderación non supere o vinte cinco por cento do total.

Considerando.- Que a disposición adicional segunda da LCSP no seu apartado 1, faculta á Ilmo Sr. Presidente para actuar como órgano de contratación, e tendo en conta o disposto no artigo 185 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o establecido nas bases de execución do orzamento provincial, concretamente na Base 16ª. 2 a) onde figura que lle compete á Xunta de Goberno autorizar e comprometer os gastos precisos para contratación que sendo competencia da Presidencia, superen para o contrato de obras o importe de douscentos mil euros.

A Xunta de Goberno acorda por unanimidade,

1. Aprobar o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato de obras “*Ensanche e mellora da E.P. 4102 Leirado-Lira, dende o pq. 1+000 ata o pq. 1+877 (Concello de Salvaterra de Miño)*” cun orzamento base de licitación de 559.261,58 € IVE incluído de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	462.199,65 €
IVE (21%).....	97.061,93 €
Importe Total.....	559.261,58 €

2. Aprobar o prego de cláusulas económico-administrativas particulares ó que se lle asignou un código (CSV): A851QG8OYUBKPKCQ, e de prescricións técnicas con código (CSV) 9X3YZNK3RMP0NAHA, que rexerán neste procedemento.
3. Autorizar o gasto por importe de 559.261,58 €, con cargo á aplicación orzamentaria 45/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.
4. Iniciar o procedemento de adxudicación do presente contrato indicando que o prazo de presentación das ofertas, rematará ás 10:00 horas do día seguinte ó transcurso do seguinte prazo: 20 días a contar dende o día seguinte da publicación do anuncio de licitación no Perfil do Contratante.



16.35846.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA EMPRESA CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., PARA RESPONDER DO “CONTRATO DERIVADO LOTE 5. ZONA E DO ACORDO MARCO OBRAS DE CONSERVACIÓN DE FIRMES NA REDE VIARIA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA”. (EXPTE. 2021022302) (DEVOGARAN 2025008441).

Por acordo, número 3.7582, adoptado polo Pleno da Corporación Provincial, celebrado na súa sesión ordinaria, de data 26 de marzo de 2021 (CSV.- I7XBNPNS4NVBWIEW), adoptouse, entre outros asuntos a “Adxudicación do procedemento aberto convocado para a conclusión dun Acordo Marco que regule as obras de <Conservación de firmes na rede viaria da Deputación para o ano 2021>”. (Núm. Exp. 2020022322).

Dentro deste procedemento aberto e a través do acordo adoptado pola Xunta de Goberno, número 12.30449, da celebrada na súa sesión ordinaria, do día 18 de xuño de 2021 (CSV.- CZQ2J98FYVSJ8S3O), acordouse a “Adxudicación dun Contrato Derivado do (LOTE 5. ZONA E1), do acordo marco que regula as obras de “Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021”. (Expte.- 2021022302).

Para garantir a correcta execución deste CD, a entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L. (B-36.258.861), constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do prezo de adxudicación, que foi a seguinte:

N.º CONTRATO DERIVADO	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
2021022302 (CD – Lote 5 – Zona E1)	25.179,18€	202100038806	11/03/2021
		12024000030451	
	4.699,36€	202100126465	02/07/2021
		12024000030497	

Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- 59NQ0FT0KL122AS1), no cal sinala “(...) considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 04/03/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de vinte e nove mil oitocentos setenta e oito euros con cincuenta e catro céntimos (29.878,54 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100038806 de data 11/03/2021 e na complementaria núm. 202100126465 de data 02/07/2021.

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.-XIZXUJAA0P1H03TA), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil CONSTRUCCIONES FECHI, S.L., dunhas garantías con eses conceptos e por eses importes, e nos que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato



e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “e <Contrato Derivado do (LOTE 5. ZONA E1), do acordo marco que regula as obras de <Conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra para o ano 2021>” (Núm. Expte. 2021022302), sen que existan obrigas pendentes.
- Segundo.- Proceder á devolución das garantías definitivas presentadas pola entidade mercantil Construcciones Fechi, S.L. (B-36.258.861), por resultar adxudicataria de dito contrato, que son as seguintes:
 - o A constituída mediante aval emitido pola entidade aseguradora *Caja de Seguros Reunidos, Cía. de Seguros y Reaseguros -Certificado seguro de caución nº 40000287/000000008-*, por importe de vinte e cinco mil cento setenta e nove euros con dezaioito céntimos (25.179,18 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 11/03/2021, segundo mandamento de ingreso con número de operación 12024000030451 (Carta de Pago nº 202100038806).
 - o A constituída mediante aval emitido pola entidade *Generali España, S.A. de Seguros y Reaseguros (CIF A-28007268) -Certificado seguro de caución nº 2N-G-515.002.943, correspondente á Póliza de Seguro de Caución de igual número-*, por importe de catro mil seiscientos noventa e nove euros con trinta e seis céntimos (4.699,36 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 02/07/2021, segundo mandamento de ingreso con número de Carta de Pago 202100126465 (Nº operación 12024000030497).

17.35847.- DEVOLUCIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA CONSTITUÍDA POLA ENTIDADE MERCANTIL CONSTRUCCIONES ENRIQUE C. CASAS, S.L., PARA RESPONDER DO CONTRATO RELATIVO A "HUMANIZACIÓN DA INTERCONEXIÓN DAS RÚAS SAN BIEITO E EMIGRANTE COAS ESTRADAS DE PEITIEIROS E CHAÍN-MORGADÁNS (GONDOMAR)". (EXPTE.2020057466) (DEVOGARÁN 2025062366)

Por acordo da Xunta de Goberno celebrada na súa sesión ordinaria, de data 02 de xullo de 2021 (CSV.- 2LEC9NRDRI34R5Z5), adxudicouse, mediante procedemento aberto simplificado, a obra de “Humanización da interconexión das rúas San Bieito e Emigrante cos estradas de Peitieiros e Chaín Morgadans (Gondomar)”. (Núm. Expte. 2020057466).

Para garantir a correcta execución deste contrato, a entidade mercantil *Construcciones Enrique C. Casas, S.L.*, constituíu na Tesourería desta Deputación, unha garantía definitiva polo importe equivalente ao 5% do seu prezo de adxudicación, que foi o seguinte:

EMPRESA	IMPORTE	CARTA PAGO	DATA
CONSTRUCCIONES E.C. CASAS, S.L. (B-36.147.429)	10.320,45€	202100123669	24/06/2021



Resultando que no expediente tramitado ó efecto figura informe emitido desde o Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais (CSV.- N3S22RISXBQD8PF0), no cal sinala que “(...) *Realizada visita a obra, e confirmada a súa execución acorde ás necesidades que a motivaron, informase que non existen obras e/ou revisións de prezos pendentes a maiores das xa certificadas polo director de obra na certificación Final, nin tampouco reclamacións pola calidade da obra contra o contratista, polo que pode proceder a liquidación da obra sen variación económica.*

En base ao anteriormente exposto e considerando que se cumpriu o período de garantía ofertado de 36 meses dende a recepción das obras en data 28/07/2022, procede a devolución da fianza definitiva constituída polo contratista polo 5% do prezo de adxudicación sen IVE, por importe de dez mil trescentos vinte euros con corenta e cinco céntimos (10.320,45 €), segundo consta na carta de pagamento núm. 202100123669, de data 24/06/2021. (...).

Resultando que no expediente figura informe emitido pola Intervención (CSV.- UYOR3V0TFNI8QW1J), no cal indica que existen na caixa da Deputación a constitución por parte da entidade mercantil Construcciones Enrique C. Casas, S.L. (B-36.147.429), dunha garantía con ese concepto e por ese importe, e no que igualmente informa favorablemente á devolución da mesma.

Considerando que o artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que: “Aprobada a liquidación do contrato e transcorrido o prazo de garantía, se non resultaren responsabilidades devolverase a garantía constituída ou se cancelará o aval ou o seguro de caución”.

A Xunta de Goberno, en base ós informes favorables que constan no expediente e de conformidade có establecido no artigo 111.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, acorda por unanimidade:

- Primeiro.- Aprobar a liquidación do contrato de “*Humanización da interconexión das rúas San Bieito e Emigrante cos estradas de Peitíeiros e Chaín Morgadans (Gondomar)*” (Núm. Expte. 2020057466), sen que existan obrigas pendentes.

- Segundo.- Proceder á devolución da garantía definitiva presentada pola entidade mercantil Construcciones Enrique C. Casas, S.L. (B-36.147.429), por resultar adxudicataria de dito contrato e que foi a seguinte:

- o A constituída, mediante aval emitido pola entidade ABANCA, Corporación Bancaria, S.A. (NIF A-70.302.039) “*Aval inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 667742*”, por importe de vinte e dez mil trescentos vinte euros con corenta e cinco céntimos (10.320,45 €), que foi depositada na Tesourería Provincial con data 24/06/2021, segundo orde e constitución de valores, con número de operación 12024000030493 (*Número de Carta de Pago 202100123669*).



18.35848.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. (EXPTES.
2025076825, 2025076868 E 2025077142).

a) Vista a relación de operacións con número 2025076825 (CSV: DK2355A6VE9QF1LO), que contén 10 operacións por un importe de 29.403,67€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	29.403,67€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	29.403,67€

b) Vista a relación de operacións con número 2025076868 (CSV: D8QM912M3DX07XJO), que contén 2 operacións por un importe de 275,89€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	275,89€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	275,89€

c) Vista a relación de operacións con número 2025077142 (CSV: D5AAZKUB29GCHY12), que contén 1 operación por un importe de 32,36€, visto o informe que formula a Intervención desta Deputación e que acompaña a dita relación e vistos tamén os informes que formulan o/s xefe/s de servizo ou responsables dos centros xestores, nos que se pon de manifesto que os gastos se fixeron con vicios de procedemento que implican a nulidade das obrigas, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade aprobar:

A relación de expedientes de referencia que presenta a seguinte estrutura económica:

Importe orzamentario	32,36€
IVE soportable deducible	0,00 €
Retencións	0,00 €
Total líquido	32,36€



19.35849.- DAR CONTA E ACEPTAR A RENUNCIA DA ENTIDADE ARELAS ASOCIACIÓN DE FAMILIAS DE MENORES E MOCIDADE TRANS DE GALICIA DO CONCELLO DE PONTEVEDRA. PARA ACTUACIÓNS NO ÁMBITO SOCIAL (EXPTE. 2025008955)

ANTECEDENTES:

1º.- A Xunta de Goberno, na súa sesión ordinaria celebrada o pasado 31 de xaneiro de 2025, aprobou mediante acordo nº 5.34596 a convocatoria e as bases das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social para o exercicio 2025 (Expediente nº 2024081305), publicadas no BOPPO nº 27 do 10 de febreiro de 2025.

2º.- Ao abeiro da convocatoria, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra acordou, na súa sesión ordinaria de 14 de novembro de 2025, concederlle á entidade Arelas Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans De Galicia, co NIF G27820182, unha subvención por importe de 3.929,67 € para a execución do proxecto “TRANSFORMÁNDONOS”.

3º.- Con data 21 de novembro de 2025 e número de rexistro WEB2025080310, a entidade presenta escrito de renuncia (CSV: XIC7M2UF4BCKMB78), co seguinte motivo:

“(...) renunciámos a axuda concedida pola Deputación de Pontevedra (Exp. 2025008955) dentro das subvencións dirixidas a entidades sen fins de lucro para actuacións no ámbito social no 2025, pola tardanza da resolución a finais de ano cando xa todas as intervencións e programacións están a pecharse. (...)”.

4º.- Con data 26 de novembro de 2025, Intervención emite dilixencia e conforme do expediente (CSV: 6GTBUW9J3MF5W61E).

De acordo có exposto, e de conformidade co establecido na base 13.4 da convocatoria, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

A aceptación da renuncia presentada pola entidade Arelas Asociación de Familias de Menores e Mocidade Trans de Galicia, co NIF G27820182, a unha subvención por importe de 3.929,67 € para a execución do proxecto “TRANSFORMÁNDONOS”.

20.35850.- COMUNICACIÓNS

Non houbo.



21.35851.- FÓRA DA ORDE DO DÍAMODIFICACIÓN DOS PREGOS REGULADORES DO PROCEDEMENTO ABERTO CONVOCADO PARA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE CAMISETAS, PANTALÓNS CURTOS, SUADOIROS E CHALECOS PARA O PROGRAMA “O NOSO CLUBE”. (EXPTE. 2025075874).

A Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 28 de novembro de 2025, aprobou o expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do contrato da Subministración de camisetas, pantalóns cortos, suadoiros e chalecos para o programa O noso club, cun orzamento base de licitación (límite máximo de gasto, incluído o 21% de IVE) ascende á cantidade de 187.276,27€, dividido en dous lotes.

O anuncio de licitación publicouse no *Perfil do Contratante* da Deputación de Pontevedra (integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 28 de novembro de 2025, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas reguladores da contratación, concedendo un prazo de 15 días naturais para a presentación de proposicións, que remata o próximo 16 de decembro de 2025.

Iniciado o prazo de licitación, a xefa do servizo de Deportes advirte un erro nas unidades das suadoiros establecidas no prego técnico, procedendo a súa rectificación, mediante informe de data 4/12/2025 co csv OXA559O3CL9GO10D.

Así mesmo, no prego de cláusulas administrativas, rectificase a cláusula 5 sobre o sistema de determinación dos prezos, establecéndose: Prezos a tanto alzado.

Tendo en conta que o artigo 122 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, establece que os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir esta, antes da súa adxudicación, e o artigo 109.2 da Lei 39/2025, as administracións poderán así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia de interesados, os erros materiais de feito ou aritméticos existentes no seus actos.

Por todo o exposto, ao abeiro da disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que, no seu apartado 1, faculta á Presidencia para actuar como órgano de contratación neste contrato; do artigo 185 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais; e da base de execución do orzamento 16ª.2a), que atribúe á Xunta de Goberno a autorización e compromiso dos gastos precisos para a contratación de servizos cuxo valor estimado supere o importe de 100.000,00 euros, a Xunta de Goberno acorda por unanimidade:

1.- Aprobar o novo prego de cláusulas económico-administrativas co csv YZJ8WA16CWXUZLIP e o prego de prescricións técnicas co csv VGPCY7JKWZI90UTX.



2.- Reiniciar o prazo para a presentación de proposicións, que rematará ás 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 15 días naturais, a contar desde o seguinte ao da publicación do anuncio de licitación rectificado no perfil do contratante.

No caso de que algunha empresa interesada houbera presentado oferta durante o prazo anterior, deberá volver a presentala neste novo prazo, conforme aos pregos rectificandos neste acordo.

22.35852.- ROGOS E PREGUNTAS

Non se formularon.

E non habendo máis asuntos que tratar polo Sr. Presidente, sendo as dez e cincuenta horas do expresado día, dáse por rematada a sesión e dela esténdese a presente acta, que asina o Ilmo. Sr. Presidente, comigo, o Secretario que dou fe.

